



GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS

Memoria 2018



Edita: Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Coordinación: Miguel Ángel Álvarez Rodríguez. Área de Comunicación

Lugar: Vigo

Ano: 2019

Maquetación: *Mabel Aquayo*, CB

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Memoria 2018



XUNTA DE GALICIA



ÍNDICE

	05	Presentación
ÁREA PRIMEIRA	06	A organización
ÁREA SEGUNDA	16	Características de Galaria
ÁREA TERCEIRA	18	As actividades da organización
ÁREA CUARTA	20	Os feitos máis salientables de 2018
ÁREA QUINTA	28	Actividade asistencial global
ÁREA SEXTA	32	Unidades clínicas
	33	Diagnóstico por Imaxe
	36	Medicina Nuclear (unidade de Vigo e unidade de Ourense)
	40	Oncoloxía Radioterápica
ÁREA SÉTIMA	44	División de Consultoría
ÁREA OITAVA	48	Servizo de Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica
ÁREA NOVENA	54	Unidade de Radiofármacos de Galicia
ÁREA DÉCIMA	60	Servizo de Atención Telefónica á Cidadanía Saúde en Liña
ÁREA DÉCIMO PRIMEIRA	62	Recursos humanos
ÁREA DÉCIMO SEGUNDA	70	Xestión da calidade e sistemas de control
ÁREA DÉCIMO TERCEIRA	74	Enquisas de satisfacción a usuarios e clientes
ÁREA DÉCIMO CUARTA	88	Sistemas de control por terceiras parte
ÁREA DÉCIMO QUINTA	90	Actividade científica



Presentación

Coma cada ano, recollemos nestas páxinas un resumo da actividade realizada ao longo do último exercicio polas diferentes áreas de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, xunto cos acontecementos máis relevantes protagonizados ou promovidos pola organización ao longo dese período.

En 2018 fixéronse 22 anos dende a posta en marcha da meirande parte das unidades asistenciais dependentes desta empresa pública, co que se acadaron máis de dúas décadas de actividade clínica en especialidades baseadas no uso de alta tecnoloxía e dunha grande importancia para as expectativas de vida da poboación. Dende o verán de 1996 ata finais de 2018, foron atendidas nas unidades de Galaria máis dun millón de persoas, cun constatado alto nivel de satisfacción.

No ano 2018, Galaria deu continuidade ás súas principais liñas de actuación, entre as que volveron destacar a incorporación de equipamento de vangarda, a posta en marcha de novas técnicas de diagnóstico e tratamento e a rápida adaptación dos seus profesionais a eses avances tecnolóxicos para seguir ofrecendo sen demora unha atención sanitaria da máxima calidade.

Neste ano incorporouse á Unidade de Oncoloxía Radioterápica un novo acelerador lineal provisto das últimas tecnoloxías para o tratamento do cancro, complementouse o acelerador máis avanzado do servizo cun sofisticado sistema de radiocirurxía da máxima precisión, iniciou a súa actividade a terceira unidade móbil de resonancia magnética, e púxose en marcha un innovador tratamento de tumores hepáticos con esferas radioactivas, en colaboración co Servizo de Radioloxía Intervencionista do Hospital Álvaro Cunqueiro.

A Unidade de Diagnóstico por Imaxe continuou adaptándose aos cambios organizativos derivados do acordo de integración funcional co Servizo de Radioloxía da EOXI de Vigo e, entre tanto, seguiu recibindo o recoñecemento da comunidade científica cun novos premios, o máis relevante dos cales foi o que lle outorgou a Sociedade Española de Radioloxía Médica.

Os servizos de Galaria renovaron en 2018 a súa certificación de calidade ISO 9001:2008, un recoñecemento ao labor ben feito que se mantén de xeito ininterrompido dende hai 17 anos.

En materia científica, os profesionais iniciaron novos traballos, como o proxecto Henebra, que levan a cabo conxuntamente os servizos de Radiofísica e Radioterapia, e seguiron avanzando en 2018 nas importantes liñas de investigación iniciadas en exercicios anteriores.

Polo que respecta ao seu modo de xestión, a empresa mantivo neste exercicio os principios de axilidade, flexibilidade e adecuación dos seus medios á demanda asistencial, e continuou colaborando con outras institucións do ámbito sanitario, grazas á dispoñibilidade e cooperación dos seus profesionais.

Rocío Mosquera Álvarez

Directora xerente

Galaría

Empresa Pública de
Servizos Sanitarios

dirección
xerencia





A organización

No exercicio de 2018 fixéronse 24 anos dende a promulgación, por parte da Presidencia da Xunta de Galicia, do Decreto 229/1994, do 14 de xullo, polo que se creaba o Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec) como sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde.

Quince anos despois, por acordo do Consello de Administración do 30 de xullo de 2008, recollido no Decreto 209/2008, do 28 de agosto, aprobábase o cambio do nome da sociedade, que deixaba de chamarse Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec) para denominarse Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, ao tempo que se modificaban en parte os seus estatutos, con especial fincapé no cambio do obxecto social.

O devandito decreto define a Galaria como un medio propio instrumental e como un servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública para a execución das actividades que lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

Actualmente, Galaria, ademais de prestar servizos asistenciais de alta tecnoloxía, está facultada para desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia e para levar a cabo actividades de consultoría no eido sanitario, xunto con outros servizos relacionados co ámbito da sanidade.

ESTRUTURA

O órgano de goberno de Galaria é o Consello de Administración, que está presidido estatutariamente pola persoa responsable de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma consellería, da Consellería de Facenda e do Servizo Galego de Saúde.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN EN 2018

Presidente e conselleiro delegado	Jesús Vázquez Almuíña Conselleiro de Sanidade
Secretaría	Laura Recacho Rivas Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade

Conseleiros

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Xerente do Servizo Galego de Saúde

Alberto Fuentes Losada

Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

Andrés Paz-Ares Rodríguez

Director xeral de Saúde Pública

María Jesús Piñeiro Bello

Directora de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

Margarita Prado Vaamonde

Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

Jorge Aboal Viñas

Director de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde


O Consello de Administración nomea o director xerente, ao que lle corresponde xestionar a organización. Cada unidade clínica, así como a División de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón) teñen á fronte unha persoa responsable, que forma parte da estrutura directiva da empresa, e o cadro directivo intégro, ademais, un director de Recursos Humanos e un director Económico-Administrativo.

A empresa ten unha estrutura organizativa de carácter matricial. Tanto as unidades asistenciais como a División de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como «centros de actividade» contan, para levar a cabo o seu labor asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos e Económico-Administrativa, xunto con outros departamentos de soporte, como os de Calidade, Mantemento e Obras, Informática, Contratación, Comunicación e Riscos Laborais, que ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.

ORGANIGRAMA

O organigrama vixente foi aprobado polo Consello de Administración na súa sesión do día 22 de marzo de 2013.

Organigrama en vigor dende o 22 de marzo de 2013



A partir da integración no Sergas das unidades de Cirurxía Cardíaca e Cardioloxía Intervencionista, dende o día 30 de xuño de 2015, o organigrama mantense baixo o mesmo esquema, pero sen esas dúas áreas asistenciais.

UNIDADE CENTRAL DE RADIOFARMACIA

Galaria conta cun 27 % de participación e exerce a dirección técnica de GE Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL. O obxecto social desta sociedade consiste na elaboración, dispensación e subministración de monodoses de radiofármacos aos servizos de Medicina Nuclear da rede pública e centros privados, así como a xestión e recollida de residuos sólidos e radioactivos nos servizos de Medicina Nuclear para o seu depósito nos oportunos almacéns.

GE Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL constituíuse por un prazo de 19 anos como sociedade limitada, o día 24 de setembro de 1998, coa denominación de Syncor Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL. O 18 de marzo de 2004, a sociedade modificou a súa denominación social por Amersham Health Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL e o 14 de agosto de 2008 modificou a súa denominación social pola actual.

RELACIÓN DE POSTOS DE RESPONSABILIDADE

DIRECCIÓN	Directora xerente Rocío Mosquera Álvarez
	Directora de Recursos Humanos Rosario Royo Martel
	Director Económico-Administrativo Pablo Ponte González
RESPONSABLES DE ÁREAS DE SOPORTE	Responsable de Calidade Alicia Piñeiro Redondo
	Responsable de Mantemento, Obras e Compras Odiño García Rivela
	Xefe de servizo de Informática Celso Diz González
	Responsable de Comunicación e Atención ao Usuario Miguel Ángel Álvarez Rodríguez
	Responsable de Riscos Laborais Antonio Andreu Vázquez
OUTROS POSTOS DE RESPONSABILIDADE NA ESTRUCTURA CENTRAL	Xefa de sección de Contabilidade Leonor María Bueno Lema
	Responsable de Facturación e Sistemas de Información Patricia Peleteiro Alonso

ASISTENCIA SANITARIA

MEDICINA NUCLEAR

Director técnico. **Ramón Guitián Iglesias**

Xefa de sección - Vigo. **Ana María López López**

Supervisora. **Ana Cristina Gil Rodríguez**

DIAGNÓSTICO POR IMAXE

Xefa de servizo. **Mercedes Arias González**

Supervisor. **Juan José Bugarín Pampillón**

ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

Director técnico. **Víctor Muñoz Garzón**

Coordinadora. **María Dolores Agujetas Rodríguez**

Supervisor. **Manuel Jesús Enguix Castelo**

UNIDADES DE SERVICIOS

DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

Xefa de servizo. **Alicia Piñeiro Redondo**

SERVIZO DE RADIOFÍSICA

Xefe do servizo. **Manuel Salgado Fernández**

UNIDADE TÉCNICA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Xefe de sección da UTPR. **Fernando Ruíz García**

SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA SAÚDE EN LIÑA

Responsable do Servizo. **Patricia Mantilla Álvarez**

UNIDADE DE PRODUCCIÓN

UNIDADE DE RADIOFÁRMACOS PET GALICIA

Director técnico. **Santiago Medín Aguerre**

LOCALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A sede central de Galaria está situada no terceiro andar do edificio administrativo da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro, Santiago de Compostela, e alberga:

- Estrutura central (Contratación e parte da estrutura de Administración e Recursos Humanos)
- División de Consultoría
- Calidade
- Riscos Laborais
- Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR)

• *Estrutura Central*

Edificio Administrativo do Servizo Galego de Saúde - 3º andar. San Lázaro. 15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 57 76 50 · Fax: 981 57 78 43

• *División de Consultoría*

Edificio Administrativo do Servizo Galego de Saúde - 3º andar. San Lázaro

Teléfono: 981 57 76 50 · Fax: 981 57 78 43

• *Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR)*

Edificio Administrativo do Servizo Galego de Saúde - 3º andar. San Lázaro. 15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 57 76 50 · Fax: 981 57 78 43



Estrutura organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Vigo

Hospital do Meixoeiro de Vigo:

- Unidade de Diagnóstico por Imaxe
- Unidade de Medicina Nuclear
- Unidade de Oncoloxía Radioterápica
- Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica
- Administración e Recursos Humanos
- Unidade Económico Administrativa
- Informática
- Comunicación e Atención ao Usuario
- Unidade de Control da Central de Chamadas

• *Unidade de Medicina Nuclear*

Hospital do Meixoeiro. Avda. O Meixoeiro s/n, 36200 Vigo. Teléfonos: 986 81 11 74 / 986 81 11 75 · Fax: 986 81 11 75

• *Unidade de Oncoloxía Radioterápica*

Hospital do Meixoeiro. Avda. O Meixoeiro s/n, 36200 Vigo. Teléfono: 986 81 17 14 · Fax: 986 81 17 13

• *Servizo de Radiofísica*

Hospital do Meixoeiro. Avda. O Meixoeiro s/n, 36200 Vigo. Teléfonos: 986 811712 / 986 811103 / 986 811721 · Fax: 986 811713





Hospital Álvaro Cunqueiro:

- Unidade de Diagnóstico por Imaxe

• *Unidade de Diagnóstico por Imaxe*

Hospital Álvaro Cunqueiro. Estrada Clara Campoamor 341, 36212 VIGO. Andar -3. Bloque A. Teléfonos: 986 82 59 67 / 986 82 59 68

• *Oficina Técnica de Control do Novo Hospital de Vigo*

Hospital Álvaro Cunqueiro. Estrada Clara Campoamor 341, 36212 VIGO. Andar 0. Vela F. Teléfono: 986 21 78 51



Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Ourense

- Unidade de Medicina Nuclear (Hospital Santa María Nai)

• *Unidade de Medicina Nuclear*

Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU). Hospital Santa María Nai. Rúa Ramón Puga 52-54, 32005 Ourense
Teléfono: 988 38 53 94 · Fax: 988 38 53 92



Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago

- Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón)

- *Unidade de Radiofármacos PET Galicia*

Edificio anexo ao Edificio D. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). Travesía da Choupana s/n · 15706 Santiago de Compostela. Teléfonos: 981 95 64 61 / 981 95 64 62 / 981 95 64 63 · Fax: 981 95 64 60

Unidade de Radiofarmacia Centralizada de Ordes. Empresa participada por Galaria nun 27 %

- *Unidade de Radiofarmacia*

Polígono Industrial de Ordes - Parcela 20. Ordes - A Coruña. Teléfonos: 981 68 24 42

Existen tres unidades móbiles de resonancia magnética, dependentes da Unidade de Diagnóstico por Imaxe, que se desprazan aos hospitais de ámbito comarcal de Galicia.





2

Características de Galaria

Galaria mantivo no exercicio de 2018 as súas características fundamentais, así como os principios que inspiraron a súa creación.

Carácter público: Galaria é unha sociedade de titularidade pública e capital integramente público (100 % Sergas), constituída ao abeiro da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Estrutura empresarial: trátase dunha sociedade anónima pública, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei de sociedades anónimas –Lei 7/2006, do 24 de abril, pola que se modifica o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro– e que está sometida a todos os controis establecidos para as empresas públicas.

Unidades asistenciais integradas nos hospitais do Sergas: Galaria é unha organización do sistema sanitario público de Galicia, con todas as súas actividades asistenciais integradas funcionalmente nos hospitais do Sergas onde están instaladas.

Autonomía de xestión: esta característica, que tamén é unha peculiaridade de cada unha das súas diferentes unidades asistenciais, permítelle a esta organización ser flexible e áxil na prestación da atención sanitaria e adaptarse con rapidez ás variacións da demanda.

O paciente como obxectivo prioritario: esta institución organiza a súa actividade arredor do proceso asistencial e toda a súa actuación ten como obxectivo fundamental o paciente e a tarefa de proporcionarlle unha atención sanitaria e humana da máxima calidade.

Calidade e mellora continua: Galaria é unha organización comprometida coa calidade en sentido integral, de tal xeito que este concepto abarca todos os ámbitos da súa actividade, dende os aspectos organizativos ata os procesos asistenciais, pasando pola provisión de tecnoloxía e os recursos humanos, e cunha visión de permanente mellora continua en todos os casos.



3

As actividades da organización

Ao longo de 2018, Galaria, a través de unidades clínicas de alta especialización, nos eidos do diagnóstico por imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica, e integradas funcionalmente nos complexos hospitalarios de Vigo e Ourense, deulle cobertura asistencial de xeito global a unha poboación de máis de 1 250 000 persoas residentes no sur de Galicia.

Por medio da División de Consultoría, Galaria proseguiu co seu labor de asesoramento continuado ao Sergas e á Consellería de Sanidade en planificación e adquisición de equipamento. A maior parte da actividade centrouse na realización de planificación de dotacións e informes de adxudicación correspondentes ás ampliacións en reformas do Hospital de Burela e plan renove do novo hospital de Vigo, así como diversas accións de dotación centralizada de equipamento. Ademais, realizáronse múltiples pregos técnicos e informes para a adquisición de equipos correspondentes ao plan anual de compras de Galaria. Así mesmo, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria, continuouse cos labores de apoio no proxecto de compra pública precomercial EMPATTICS e iniciouse unha colaboración de apoio na liña de terapias do proxecto de innovación CODIGO 100. Dentro deste último proxecto, colaborouse na elaboración dos dous primeiros pregos de Asociación para a Innovación do sector saúde publicados en España.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, actualmente asumida tamén pola División de Consultoría, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da propia Galaria como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, SA, sociedade participada por Galaria. Neste ámbito, comezouse tamén o apoio á acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

O Servizo de Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) levou a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación dunha gran parte das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia.

A Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón) produciu regularmente e subministrou os radiofármacos fludesoxiglicosa marcada con flúor 18 (FDG) e 18 F colina, este último de grande efectividade no diagnóstico das recidivas no cancro de próstata, aos hospitais do Servizo Galego de Saúde e ao Centro Oncolóxico de Galicia, que contan con equipos de diagnóstico PET-CT. En 2018, actualizouse o Ciclotrón e iniciouse a instalación de dous novos bancos de niobio que permiten aumentar a capacidade de produción e satisfacer a demanda crecente de doses dos últimos anos.

Neste exercicio xestionou, como vén facendo dende o seu comezo, a plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a solicitude de reprogramación/anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada.

E continuou mantendo baixo o seu control a Oficina Técnica de Seguimento do Servizo Loxístico Integral do Servizo Galego de Saúde.

Neste exercicio, Galaria seguiu contando cun 27 % de participación e exercendo a dirección técnica de GE Healthcare Unidade Central de Radiofármacos de Galicia, SL, na que se xestionan e preparan os radiofármacos que se administran nas unidades asistenciais de medicina nuclear.



4

Os feitos máis salientables de 2018

ACELERADOR DE ELECTRÓNS CLINAC

Un veciño de Vigo, de 79 anos, afectado dunha patoloxía prostática, converteuse o día 16 de abril de 2018 no primeiro paciente atendido no novo acelerador lineal Clinac iX, un equipo para o tratamento de cancro provisto da tecnoloxía máis avanzada que se emprega actualmente no ámbito da radioterapia. Trátase dun acelerador Varian, que se enmarca no plan de renovación tecnolóxica emprendido polo Sergas a través do denominado socio tecnolóxico e que forma parte do equipamento de diagnóstico e tratamento oncolóxico custeado pola Fundación Amancio Ortega. Este equipo, que ten un custo de máis dun millón e medio de euros, é o terceiro acelerador lineal que se incorpora nos últimos catro anos na Unidade de Oncoloxía Radioterápica.

O novo acelerador vén dotado da última tecnoloxía no tratamento do cancro con radiacións ionizantes, o que lle confire unha extraordinaria exactitude na administración das doses e lle permite afinar ao máximo a radiación en



volumes cada vez máis pequenos, sen afectar os tecidos sans circundantes. Concretamente, incorpora un sistema de radioterapia guiada por imaxe (IGRT) que facilita unha mellor localización do tumor, ao que tamén contribúe un sistema mecánico máis avanzado e preciso que o anterior.

Ademais, está provisto dunha tecnoloxía denominada RapidARC, pola cal o acelerador pode emitir radiación mentres o seu cabezal xira ao redor do paciente, adaptando en cada momento o feixe e a dose á posición do tumor.

E leva incorporado un sistema de micromultiláminas, con láminas moi finas, que lle facilitan o tratamento de tumores de todas as formas e tamaños, ao adecuar con suma precisión o feixe de radiación ao perímetro e morfoloxía do tumor.

UN SOFISTICADO SISTEMA DE RADIOCIRURXÍA

Outra incorporación tecnolóxica importante deste ano foi a instalación no TrueBeam –actualmente o acelerador lineal máis avanzado do mundo–, dun equipamento de radiocirurxía que permite aplicar altas doses de radiación sobre o tumor cunha extraordinaria precisión e seguridade para o paciente.

Esta máxima exactitude conséguese grazas ao sistema denominado ExacTrac, que verifica de maneira submilimétrica o posicionamento do paciente durante todo o tratamento. Trátase dun sofisticado mecanismo baseado en dous tubos de raios X que apuntan a un sistema de imaxe e nunha serie de sensores de infravermellos cos que se verifica esa perfecta posición do paciente ao longo da terapia.



Con este novo equipamento auméntase de maneira moi notable a velocidade dos tratamentos e, ao estar o paciente moito menos tempo na máquina, minimízase o risco de que se movan os seus órganos durante as sesións. O sistema ExacTrac facilita de maneira continua unha información tridimensional da posición do paciente e ademais desconectaría automaticamente a radiación se se producise algún movemento imprevisto.

Previamente á instalación deste sistema de verificación, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica implantou un sistema de cálculo dosimétrico moi avanzado, denominado Fiber Tracking, que aumenta a capacidade de localización e delimitación das estruturas que se queren tratar e o cálculo das doses que se aplicarán en cada caso. Ademais, con este equipo, os neurorradiólogos ou calquera outro especialista que interveña na radiocirurxía poden ver de forma remota, na súa propia consulta, as imaxes tridimensionais do paciente e determinar «en liña» os volumes para tratar en coordinación cos oncólogos radioterapeutas e os radiofísicos, que definen e calculan finalmente as doses que se aplicarán.

Dese xeito, as melloras tecnolóxicas incorporadas en 2018, unidas ás técnicas avanzadas xa dispoñibles na Unidade de Oncoloxía Radioterápica grazas á instalación, dous anos antes, do acelerador True Beam, propiciaron que se seguise avanzando na realización de tratamentos cada vez máis complexos. A dispoñibilidade de aceleradores lineais provistos de tecnoloxías de última xeración, como a intensidade modulada volumétrica (VMAT) e o sistema de radiocirurxía guiada por imaxe, contribuíu a incrementar notablemente a efectividade das terapias.

Dentro desa liña de innovación, en 2018 seguiu a utilizarse a radiocirurxía para eliminar os efectos da neuralxia de trixémimo, co que se ofrece unha alternativa efectiva para os pacientes que sofren unha das doenzas máis dolorosas que se coñecen. Concretamente foron catro persoas as que se beneficiaron desta técnica.





TERCEIRA UNIDADE MÓBIL DE RESONANCIA MAGNÉTICA

O 9 de xuño de 2018 chegou a Galicia, procedente da factoría holandesa de Lamboo Mobile Medical, a terceira unidade móbil de resonancia magnética que Galaria puxo en funcionamento para reforzar a cobertura asistencial que dende o ano 2006 se está proporcionando nese tipo de probas aos sete hospitais comarcais de Galicia e, puntualmente, a outros centros hospitalarios da comunidade autónoma. O 11 de xuño, unha veciña de Vilagarcía, de 30 anos, que presentaba unha doenza cerebral, foi a primeira paciente explorada neste novo equipo, instalado no recinto do Hospital Comarcal do Salnés.

O novo equipo, do mesmo xeito ca os dous anteriores, está dotado dunha resonancia de alto campo (1,5 teslas de forza magnética), neste caso fabricada por General Electric, que inclúe os últimos avances nesta especialidade diagnóstica, co mesmo nivel de calidade nas exploracións ca a que ofrecen os equipos fixos de última xeración instalados nos hospitais, e coa posibilidade de desenvolver todas as técnicas actuais, dende as máis sinxelas ata as de máis alta complexidade.

A experiencia adquirida coas dúas unidades móbiles previas fai que a nova resonancia incorpore melloras en aspectos de confort para o usuario, grazas a unha distribución máis axustada dos espazos interiores, que permitiu instalar dúas cabinas vestiario, para que os pacientes poidan cambiarse con comodidade.

Coa nova unidade seguiranse aproveitando as vantaxes que ofrece a tecnoloxía actual, ao adquirir imaxes de RM sen desprazar os pacientes (telerradioloxía), imaxes que son analizadas a distancia por radiólogos expertos con acceso á historia clínica dos pacientes.

Con esta terceira resonancia móbil, veuse reforzar un sistema asistencial que garante a resposta máis áxil, flexible e racional a unha demanda dispersa pero considerable no seu conxunto que, con todo, non xustificaría a instalación dun equipo fixo de resonancia magnética en cada un dos hospitais comarcais.

Con este sistema asistencial a alta tecnoloxía diagnóstica viaxa ata onde está o paciente, seguindo unhas rutas planificadas de forma coordinada cos hospitais comarcais, de modo que estes centros dispoñen da resonancia durante unha permanencia proporcional ás súas respectivas demandas. Por outra banda, estes equipos móbiles garántenlle ao sistema sanitario público a posibilidade de utilizalos tamén para cubrir as necesidades de calquera hospital do Servizo Galego de Saúde no que se produza unha parada do equipo propio ou cando exista un pico de demanda.

Este sistema evita que miles de persoas teñan que realizar longos desprazamentos aos hospitais de referencia e remata cos inconvenientes e o custo social e económico que estes traslados orixinaban.

NOVA TÉCNICA CONTRA O CANCRO HEPÁTICO

En 2018, implantouse unha nova terapia oncolóxica, consistente en tratar tumores hepáticos con esferas radioactivas, que se leva a cabo no Servizo de Radioloxía Intervencionista do Hospital Álvaro Cunqueiro, coa participación da Unidade de Medicina Nuclear, do Servizo de Radiofísica e do Servizo de Radioloxía Intervencionista del CHUVI. Mediante este procedemento, que se coñece como radioembolización, inyéctanse no radioquirófano de Radioloxía Intervencionista de maneira selectiva nas arterias hepáticas, por medio dun catéter, unhas microesferas cargadas co isótopo radioactivo Ytrio-90, de entre 20 e 30 micras.




Previamente, noutro procedemento, realízase unha simulación inxectando partículas similares marcadas con tecnecio para efectuar en Medicina Nuclear a dosimetría ou cálculo de doses. O pequeno tamaño das esferas permite que queden aloxadas no leito precapilar e conséguese que cheguen con precisión ata o tumor a través da vasculatura hepática, onde quedan implantadas para actuar de xeito directo sobre o tumor, con menor incidencia en tecido san.

Dende o mes de xuño de 2018, no que se realizou o primeiro destes tratamentos, ata finais do exercicio leváronse a cabo cinco radioembolizacións con esferas de Ytrio acadando un total de 13 terapias ata 2019.

INTEGRACIÓN FUNCIONAL DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE NA EOXI DE VIGO

Ao longo de 2018 seguiu avanzando no proceso de integración funcional das resonancias fixas que xestiona Galaria baixo a dependencia do Servizo de Radiodiagnóstico da EOXI de Vigo, un proxecto iniciado a finais de 2016 dentro da liña de unificación e coordinación de servizos que emprendeu o Sergas na Área Sanitaria de Vigo con motivo da apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Tal e como se explicou no acto de presentación, este proceso tiña como finalidade impulsar a coordinación dos recursos técnicos e humanos da Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria, cos de Radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario. O obxectivo último era lograr o maior aproveitamento conxunto dos medios de ambos equipos para configurar un gran servizo de referencia na área sur de Galicia e ofrecer unha atención radiolóxica integrada, conservando, non obstante, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria, a súa personalidade xurídica e o seu sistema de funcionamento.





DATOS DE PERSOAL E XESTIÓN DA CALIDADE

En canto á evolución dos recursos humanos, o cadro medio de persoal de Galaria situouse o 31 de decembro de 2018 en 192 persoas, oito traballadores máis ca a media de persoal rexistrada o 31 de decembro de 2017.

A cifra de actividades formativas promovidas por Galaria en 2018 foi de 114 accións, o que supuxo incrementar en 17 a cifra do ano precedente. Nesas iniciativas de formación participaron 509 traballadores, fronte aos 447 que asistiron ás actividades desenvolvidas en 2017.

O nivel de absentismo situouse nun 5,85 % do cadro de persoal estrutural, cifra que supón unha diminución respecto do 6,13 % que se rexistrou no ano 2017. Este dato representa para un cadro de persoal de 192 efectivos un equivalente a 11 persoas de baixa durante todo o ano. Nos exercicios precedentes, o índice de absentismo foi do 6,13 % en 2017, do 5,34 % en 2016, do 5,80 % en 2015 e do 5,88 % o rexistrado no ano 2014.

No ámbito da calidade, no ano 2018 Galaria renovou a súa certificación conforme a norma ISO, tras superar satisfactoriamente a auditoría realizada pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR), e fai así 17 anos ininterrompidos en posesión deste certificado, o que representa un recoñecemento continuado á axeitada xestión e bo funcionamento dos seus servizos clínicos e profesionais.

O ano anterior iniciouse un proceso para cambiar o certificado ISO 9001:2008, que Galaria obtivo nos últimos 16 anos, pola nova certificación conforme a norma ISO 9001:2015, un proceso no que participaron activamente todos os departamentos da organización. Para a implantación dos novos requirimentos, creáronse grupos de traballo e leváronse a cabo numerosas reunións e accións formativas, nas que participaron a práctica totalidade dos profesionais.



5

Actividade asistencial global



A actividade asistencial desenvolvida polas unidades clínicas no ano 2018 acadou os seguintes resultados:

Foron 34 338 os pacientes atendidos na Unidade de Diagnóstico por Imaxe, aos que lles foron realizadas 40 417 exploracións con resonancia magnética, o que representa un descenso do 1,59 % na cifra de procedementos respecto do ano anterior. Nas unidades fixas dos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro (CHUVI), leváronse a cabo 23 950 estudos en horarios de mañá e tarde e fins de semana, un 5,79 % menos ca no anterior exercicio, e nas dúas unidades móbiles de resonancia magnética atendéronse 13 897 pacientes, aos que lles foron realizados 16 467 estudos, o que representa un aumento do 5,22 % de probas respecto do ano anterior.



Atendéronse 3688 pacientes na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo, aos que lles foron realizados un total de 6397 técnicas, que representan un aumento do 1,39 % respecto dos 6309 procedementos levados a cabo o ano anterior (sen contabilizar as exploracións mediante PET-CT).

Foron 4215 exploracións no equipo PET-CT, realizadas a un total de 3543 pacientes, cifra que representa un descenso do 5,81 % respecto dos 4475 estudos levados a cabo o ano anterior.

Foron 3770 pacientes atendidos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, aos que lles foron realizados 6588 procedementos, que representan un 1,71% máis ca os 6477 estudos realizados o ano anterior.

Finalizáronse 2295 tratamentos de oncoloxía radioterápica, dos que 2073 corresponderon a teleterapia, 184 a braquiterapia e 38 a radiocirurxía esterotáxica, cifras que no seu conxunto representan un incremento do 0,88 % respecto dos 2275 tratamentos totais finalizados en 2017.



Cadro no que se recolle a evolución da actividade clínica global realizada nas unidades asistenciais de Galaria entre os anos 2009 e 2018:

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Exploracións de diagnóstico por imaxe (hospital)	23 573*	22 145	25 578	22.706	24 017	25 422	23 950	-5,79 %
Exploracións de diagnóstico por imaxe (unidades móbiles)	12 586	11 709	15 009	14.207	15 213	15 650	16 467	5,22 %
Técnicas de medicina nuclear en Vigo	6 980	6 655	6 319	6.367	6 071	6 309	6 397	1,35 %
Exploracións PET (Medicina Nuclear Vigo)	2 270	2 617	2 779	3.088	3 707	4 475	4 215	-5,81 %
Técnicas de medicina nuclear en Ourense	5 543	5 533	5 442	5.560	5 871	6 477	6 588	1,71 %
Tratamentos con radioterapia	2 117	2 056	1 972	2.081	2 178	2 275	2 295	0,88 %

(*) A diminución na cifra de exploracións de diagnóstico por imaxe a partir do ano 2012 que se reflicte nesta táboa débese, máis ca a un descenso real no número de probas, a un novo cómputo derivado dos cambios na codificación dos procedementos, que nalgúns casos supón a agrupación de varias técnicas baixo unha mesma denominación.



6

Unidades clínicas



DIAGNÓSTICO POR IMAXE

A resonancia magnética (RM, MR, ou IRM) é unha exploración que permite obter imaxes anatómicas dos órganos internos do corpo humano, pero tamén estudar diversos procesos fisiolóxicos (difusión, perfusión, función cardíaca, fluxos vasculares...) ou mesmo cuantificar os metabolitos presentes nun determinado tecido (espectroscopia con RM).

A resonancia magnética non utiliza radiacións ionizantes (raios X). Baséase na interacción de ondas de radio co corpo humano dentro dun campo magnético intenso, co que se producen sinais de radio que poden transformarse coa axuda de ordenadores en imaxes.

Durante o ano 2018 realizáronse na Unidade de Diagnóstico por Imaxe un total de 40 417 estudos de resonancia magnética, dos que foron obxecto 34 338 pacientes. A adquisición no mes de xuño dun terceiro equipo de resonancia móbil de alto campo incrementou a capacidade de resolución da Unidade de Diagnóstico por Imaxe, o que permitiu seguir prestando unha atención de calidade, achegar a alta tecnoloxía á poboación e evitar desprazamentos innecesarios aos pacientes dos sete hospitais comarcais de Galicia.

A dilatada experiencia desta unidade na realización de estudos de resonancia magnética a distancia, así como na xestión de equipos móbiles de resonancia, permitiu unha rápida posta en marcha deste novo equipo e propiciou que, dende o primeiro momento, o seu rendemento fose equiparable ao dos que xa lles viñan dando cobertura aos hospitais comarcais de Galicia e na EOXI de Pontevedra, cunha ocupación superior ao 100 %, segundo o catálogo da Sociedade Española de Radioloxía Médica (SERAM), e coa posibilidade de realizar calquera estudo de resonancia magnética salvo cardio e mama.

A rendibilidade da técnica de resonancia magnética en mans expertas fai que cada ano vaia en aumento o número de solicitudes, así como a complexidade dos estudos que se levan a cabo nestes equipos. De feito, incrementáronse durante 2018 a realización de estudos anxiográficos, funcionais e multiparamétricos que permiten obter biomarcadores de imaxe con implicación no posterior manexo terapéutico dos pacientes por parte dos clínicos peticionarios.

Nos equipos de resonancia magnética móbil atendéronse 13 897 pacientes en 2018, un 4,5 % máis ca en 2017, e realizáronse 16 467 estudos de resonancia magnética, un 5 % máis ca en 2017.

O ano 2018 foi unha etapa de cambio na actividade dos equipos fixos de resonancia magnética da Unidade de Diagnóstico por Imaxe situados no hospital de Vigo, xa que no marco do acordo de integración funcional da unidade co Servizo

de Radioloxía da EOXI de Vigo, dende febreiro de 2018 é o propio Servizo de Radioloxía o que xestiona as axendas de citación dos equipos en vez da Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Modificouse o tradicional criterio de citación por prioridade da solicitude, condicionándoo tamén á organización da citación por órgano-sistema. Este novo modelo facilita a asignación de quendas aos radiólogos responsables dos estudos e leva implícita unha modificación da actividade realizada nos tres equipos de resonancia magnética situados na EOXI de Vigo. Así, no exercicio de 2018 atendéronse un total de 20 441 pacientes e realizáronse 23 950 probas, que representan, respectivamente, un 5 % menos e un 5,8 % menos ca no ano 2017.

Dentro tamén do acordo de integración funcional, durante o ano 2018 incrementouse a realización de estudos de resonancia magnética por parte de radiólogos pertencentes á EOXI de Vigo, asumindo aproximadamente o 35 % dos informes, aínda que cunha desigual participación nas distintas áreas anatómicas, dado que non asumiron estudos de resonancia magnética con sedación/anestesia ou estudos de RM pediátricos que seguiron a ser realizados na súa totalidade por radiólogos da Unidade de Diagnóstico por Imaxe.

Ademais da actividade asistencial, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe seguiu recibindo solicitudes de formación cos seus profesionais non só de MIR da EOXI de Vigo, senón tamén doutros hospitais de Galicia, ademais de colaborar coa formación de alumnos da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Polo que respecta á produción científica, en 2018 cabe salientar a participación de profesionais da Unidade de Diagnóstico por Imaxe no Congreso Nacional de Radioloxía realizado en Pamplona durante o mes de maio de 2018, no que se presentaron catro comunicacións científicas, unha das cales recibiu un certificado de mérito ao traballo realizado.

Tamén se presentaron dous traballos realizados por facultativos da Unidade no Congreso da RSNA (Radiological Society of North America), o congreso mundial da especialidade, realizado en Chicago no mes de novembro, continuando así a tradicional participación neste foro e referendando o alto nivel científico da unidade.




Na táboa seguinte sublíñanse os datos máis significativos da actividade asistencial acadada na Unidade de Diagnóstico por Imaxe:

EXPLORACIÓNS DIAGNÓSTICO POR IMAXE	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Exploracións totais (RM móbiles + RM CHUVI+TAC)	36 159	33 854	40 587	36 913	39 230	41 072	40 417	-1,59 %
RM totais (CHUVI + móbiles)	36 159	33 854	40 587	36 913	39 230	41 072	40 417	-1,59 %
TAC	0	0	0	0	0	0	0	
EXPLORACIÓNS CHUVI	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Totais CHUVI	23 573	22 145	25 578	22 706	24 017	25 422	23 950	-5,79 %
RM totais CHUVI	23 573	22 145	25 578	22 706	24 017	25 422	23 950	-5,79 %
RM Xeral - Cíes	15 680	14 627	17 300	13 566	0	-	-	
RM Hospital do Meixoeiro	7 893	7 518	8 278	7 883	8 217	8 534	7 874	-7,73 %
RM HAC				1 257	15 800	16 888	16.076	-4,81 %
TAC	0	0	0	0	0	-	-	
Programadas	23 076	21 633	25 213	22 238	23 643	25 064	23 558	-6,01 %
RM	23 076	21 633	25 213	2 238	23 643	25 064	23.558	-6,01 %
TAC	0	0	0	0	0	0	0	
Urxentes	497	512	365	468	374	358	392	9,50 %
RM	497	512	365	468	374	358	392	9,50 %
TAC	0	0	0	0	0	-	-	
PACIENTES	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Pacientes totais (RM móbiles + RM CHUVI + TAC)	30 972	28 883	34 805	31 716	33 831	35 203	34 338	-2,46 %
Pacientes RM totais (CHUVI + móbiles)	30 972	28 883	34 805	31 716	33 831	35 203	34 338	-2,46 %
Pacientes TAC	0	0	0	0	0	0	0	
PACIENTES CHUVI	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Pacientes Totais (RM+TAC)	20 272	18 890	22 022	19 650	20 738	21 905	20.441	-6,68 %
RM	20 272	18 890	22 022	19 650	20 738	21 905	23.950	9,34 %
TAC	0	0	0	0	0	0	0	
INDICADORES CHUVI	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Índice de programación (%)	97,89%	95,03%	94,37%	94,37%	98,44%	98,59%	98,36%	-0,23 %
Exploracións/día RM	95,05	89,66	102,72	91,19	96,84	102,51	96,57	-5,79 %
ACTIVIDADE UNIDADES MÓBILES	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Pacientes	10 700	9 993	12 783	12 783	13 093	13 298	13 897	4,50 %
Exploracións	12 646	12 586	11 709	15 009	15 213	15 650	16 467	5,22 %

O 31 de decembro de 2018, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe contaba co seguinte equipamento técnico para desenvolver a súa actividade asistencial:

- Resonancia magnética 1,5 t. (Hospital Álvaro Cunqueiro)
- Resonancia magnética 3,0 t. (Hospital Álvaro Cunqueiro)
- Resonancia magnética 1,5 t. (Hospital do Meixoeiro).
- 3 resonancias magnéticas 1,5 t. (unidades móbiles).





MEDICINA NUCLEAR

A Medicina Nuclear é unha especialidade que emprega isótopos radioactivos para o diagnóstico de numerosas enfermidades, mediante a obtención de imaxes, ou ben para o tratamento destas.

A maior vantaxe destas técnicas en relación coas exploracións radiolóxicas baséase na precocidade no diagnóstico, ao reproducir en imaxe fenómenos metabólicos ou funcionais que son detectados antes de que se altere estruturalmente o órgano que se vai estudar. A carteira de exploración é ampla, incluídas enfermidades coronarias, neurolóxicas, endócrinas, renais ou do aparato locomotor e o diagnóstico de enfermidades tumorais ou oncolóxicas. Cando se emprega con dose máis elevada, utilízase para o tratamento dalgúns procesos inflamatorios, como a artrite, ou ben tumorais, como o cancro de tiroide.

O PET (siglas de Positron Emission Tomography) é unha modalidade diagnóstica da especialidade de Medicina Nuclear que utiliza isótopos específicos –emisores de positróns– que teñen a virtualidade de reproducir procesos biolóxicos celulares que están alterados en enfermidades oncolóxicas e doutro tipo, como neurolóxicas ou cardíacas. Baséase na obtención de imaxes cun equipo híbrido PET/TAC que fusiona a imaxe funcional do PET coa radiolóxica do TAC, co que se achega unha maior precocidade e sensibilidade. Esta técnica ten a súa maior utilidade na detección do cancro e achega unha maior exactitude no diagnóstico, recidivas e na valoración da resposta ás terapias habituais en procesos oncolóxicos. Así mesmo, permite estudar nunha exploración o corpo completo, o que mellora o diagnóstico de metástase a distancia.

UNIDADE DE MEDICINA NUCLEAR DE VIGO

A Unidade de Medicina Nuclear (MN) de Vigo realizou no ano 2018 un total de 6397 procedementos, cifra que representa un incremento do 1,39 % en relación co ano 2017, no que se alcanzaron 6309 procedementos. En canto ao número de pacientes, rexistrouse un descenso do 0,4 % respecto do exercicio precedente. En termos absolutos este descenso supuxo pasar de 3703 pacientes en 2017 a 3688 en 2018. Isto indica un maior número de procedementos por paciente, motivado polo maior nivel de complexidade.

Este incremento de actividade en procedementos diagnósticos foi posible debido á normalidade asistencial acadada e á dispoñibilidade no 2018 de tres gammacámaras, o que supuxo un mellor aproveitamento dos tempos de funcionamento dos equipos respecto do ano 2017.

Pola contra, no que se refire á actividade en procedementos terapéuticos que requiren hospitalización en Terapia Metabólica, realizáronse durante o ano 2018 un total de 120 ingresos, 8 máis ca no ano 2017.

En relación coas entradas e saídas de técnicas durante o ano 2018, producíronse 8559 entradas por 8574 saídas, o que permitiu cumprir co obxectivo do exercicio dun maior número de saídas de pacientes fronte á súa entrada á espera dunha proba de medicina nuclear. Desta maneira, a lista de espera de MN para procedementos diagnósticos mantívose nos baixos niveis do ano pasado, cunha espera media por debaixo de 28 días (39 en 2017), cun total de 61 pacientes en espera.

Está prevista a realización de obras de acondicionamento do Servizo de Medicina Nuclear e Terapia Metabólica durante o ano 2019, que permitirán dotar o servizo dun cuarto adicional, así como de instalacións máis modernas e cómodas para os pacientes.



Polo que se refire ás exploracións con PET-CT, en 2018 realizáronse 4215 técnicas, o que supuxo una diminución dun 5,8 % respecto das 4477 que se levaron a cabo en 2017. Este descenso é debido a que dende o 23 de abril de 2018 as peticións solicitadas dende o servizo de admisión da EOXI de Pontevedra e do Salnés se derivan ao Servizo de Medicina Nuclear de Santiago, coa finalidade de acadar un maior equilibrio entre as tres áreas asistenciais do PET en Galicia. Non obstante, esta redistribución non evita que a demanda atendida por Galaria siga incrementándose.

En relación coas entradas e saídas, en 2018 producíronse un total de 3736 entradas en PET (3964 en 2017) por 3776 saídas (3906 en 2017), o que supuxo 40 saídas máis ca entradas. Cumpriuse igualmente co obxectivo do exercicio dun maior número de saídas de pacientes fronte á súa entrada á espera dunha proba PET.

A espera media a finais do ano 2018 é de 16 días para FDG e de 33 días para F-Colina, como consecuencia da menor dispoñibilidade do radiofármaco.

No que respecta á realización de novas probas, durante 2018 solicitóuselle ao Servizo Galego de Saúde autorización para novos radiofármacos en PET en Neuroloxía con amiloide en demencias tipo alzhéimer. Así mesmo, tratáronse os primeiros pacientes cunha nova técnica, conxuntamente coa Unidade de Radiofísica e Radioloxía Intervencionista, para o tratamento dos hepatocarcinomas con esferas de itrio.

No seguinte cadro recóllese a evolución da actividade asistencial desenvolvida na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo

MEDICINA NUCLEAR VIGO 2018

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Procedementos totais	6 980	6 655	6 319	6 367	6 071	6 309	6 397	1,39 %
Procedementos programados	5 651	5 664	5 415	5 518	5 533	5 798	6 039	4,16 %
Procedementos urxentes	1 329	991	904	849	538	511	358	-29,94 %
Procedementos diagnósticos	6 859	6 493	6 157	6 227	5 949	6 193	6 256	1,02 %
Procedementos terapéuticos	121	162	162	140	122	116	141	21,55 %
Índice de programación (%)	81%	85%	97%	87%	91%	92 %	94 %	2,72 %
Procedementos / día	28,15	26,94	25,38	25,67	24,58	25,58	25,79	0,84 %
Diagnósticos / terapéuticos	56,69	40,08	38,01	44,48	48,76	53,39	44,37	-16,89 %
Pacientes programados	3 786	3 520	3 178	196	3 575	3 447	3 509	1,80 %
Pacientes urxentes	665	496	452	425	269	256	179	-30,08 %
Pacientes totais	4 451	4 016	3 630	3 621	3 306	3 703	3.688	-0,41 %
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Pacientes	1 938	2 154	2 304	2 550	3 107	3 594	3 543	-1,42 %
Procedementos	2 270	2 617	2 779	3 088	3 707	4 475	4 215	-5,81 %

A dita actividade realizouse co seguinte equipamento:

- 2 gammacámaras con CT
- 1 gammacámara de dobre detector e ángulo variable
- 1 captador tiroideo.
- 1 tomocámara PET-CT
- 2 cuartos de terapia metabólica
- 1 equipo de ventilación pulmonar
- 1 sala de probas cardiolóxicas con ergómetro, tapiz rodante e desfibrilador



UNIDADE DE MEDICINA NUCLEAR DE OURENSE

A actividade desenvolvida pola Unidade de Medicina Nuclear de Ourense en 2018 incrementouse en relación co ano 2017 nun 1,6 % en pacientes –pasaron de 3709 en 2017 e 3770 en 2018– e nun 1,8 % en técnicas programadas diagnósticas –subiron de 6475 en 2017 a 6588 en 2018–.

Durante o ano 2018, incrementouse a actividade extraordinaria en xornada de tarde de 83 pacientes en 2017 a 178 pacientes en 2018 e de 165 técnicas en 2017 a 342 técnicas en 2018, crecemento debido ao incremento da demanda en cardioloxía pola dispoñibilidade de especialistas.

En canto ás entradas e saídas, producíronse 4320 entradas e 4543 saídas (4624 e 4741, respectivamente, no 2017), o que supón 223 saídas máis ca entradas, polo que se cumpre novamente o obxectivo marcado dun maior número de saídas ca de entradas de pacientes en espera dun procedemento. Con todo, considérase que fomos quen de dar unha resposta adecuada á demanda, o que permitiu que a lista de espera ao final de ano respecto de 2018 fose de 46 días de espera media e 168 días de espera máxima.

En xeral, mantense unha elevada demanda en estudos de neuroloxía e oncoloxía. É esperable que se rexistren incrementos importantes na demanda durante o ano en curso, como vén ser habitual nos últimos anos.

A continuación recóllese a evolución da actividade asistencial desenvolvida na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense:

MEDICINA NUCLEAR OURENSE

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Procedementos totais	5 543	5 533	5 442	5 560	5 871	6 477	6 588	1,71 %
Procedementos programados	5 082	4 985	4 971	5 148	5 529	6 126	6 352	3,69 %
Procedementos urxentes	461	548	471	412	342	351	236	-32,76 %
Procedementos diagnósticos	5 410	5 401	5 284	5 450	5 747	6 317	6 416	1,57 %
Procedementos terapéuticos	136	132	158	110	124	160	172	7,50 %
Índice de programación (%)	92%	98%	97%	93%	94%	95 %	96%	1,94 %
Procedementos día	22,35	22,40	21,86	22,42	23,67	26,12	26,56	1,71 %
Diagnósticos / terapéuticos	39,78	40,92	33,44	49,55	46,35	39,48	37,30	-5,52 %
Pacientes totais	3 441	3 445	3 359	3 291	5 574	3 709	3 770	1,64 %
Pacientes programados	3 210	3 171	3 123	3 085	5 403	3 533	3 652	3,37 %
Pacientes urxentes	231	274	236	206	171	176	118	-32,95 %

A devandita actividade realizouse co seguinte equipamento:

- 1 gammacámara con CT
- 1 gammacámara monocabezal
- 1 captador tiroide
- 1 equipo de ventilación pulmonar
- 1 sala de probas cardiolóxicas con ergómetro, tapiz rodante e desfibrilador





ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

A radioterapia é un sistema de tratamento oncolóxico baseado no emprego de radiacións ionizantes para eliminar as células tumorais. A radioterapia adminístrase soa ou en combinación con outros tratamentos como a cirurxía e a quimioterapia.

Existen diversos tipos de radioterapia, dependendo da procedencia externa ou interna da radiación. Na radioterapia externa ou teleterapia, que actualmente é a modalidade máis común, a fonte de irradiación procede dun equipo externo de grandes dimensións, denominado acelerador lineal, provisto dunha mesa na que se sitúa o paciente e que posúe unha gran mobilidade multidireccional para enfocar e dirixir con exactitude a radiación cara ao tumor que se quere tratar.

Outro tipo de radioterapia é a braquiterapia, un sistema de tratamento que se aplica nunha sala especial ou radioquirófano e que consiste en levar as fontes radioactivas ata o interior do tumor ou as súas proximidades, co fin de garantir unha actuación directa sobre o volume que se quere tratar e minimizar os efectos sobre os órganos e tecidos sáns. A braquiterapia pode ser de alta taxa, cando a radiación procede dunha fonte radioactiva externa que se conduce ata dentro do tumor a través dunhas guías, ou de baixa taxa, que consiste en introducir no tumor pequenas sementes ou cápsulas radioactivas para que actúen dentro deste durante un tempo prolongado.

Outra modalidade de radioterapia é a radiocirurxía estereotáxica, un tipo de tratamento con radiacións no que tamén se emprega o acelerador lineal como fonte, pero que incorpora un equipamento específico para lograr unha extraordinaria precisión no feixe radioactivo, inferior a un milímetro, o que require a total inmovilización do paciente, co fin de poder tratar tumores moi pequenos, especialmente os que están localizados no interior do cráneo.





O exercicio 2018 foi un dos períodos no que máis pacientes se trataron en toda a historia da Unidade de Oncoloxía Radioterápica. Concretamente, finalizáronse un total de 2295 tratamentos fronte aos 2275 que se levaron a cabo en 2017. Do total de tratamentos finalizados, 2073 corresponderon a teleterapia, 38 a radiocirurxía e 184 a braquiterapia, datos que no seu conxunto representan un aumento dun 1 % respecto do exercicio anterior.

Dende abril do ano 2018, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica desenvolveu parte da actividade asistencial nun novo acelerador lineal, modelo Clinac de Varian, tras un minucioso proceso de instalación e un amplo período de aprendizaxe que durou 3 meses máis. Ademais, instalouse no acelerador máis avanzado da unidade, o TRuBean, un sofisticado sistema de radiocirurxía ao longo do verán, o que levou a que este non estivese operativo. Este equipo leva incorporados avances tecnolóxicos de última xeración, deseñados para garantir a máxima precisión dos tratamentos de radiocirurxía e SBRT con IMRS ou VMAT ou arcs dinámico-estáticos e con coordenadas estereotácticas con infravermellos, sen necesidade de marcos invasivos. En setembro deste ano realizouse a integración no sistema Aria do acelerador Oncor, que resultou complexa.

O acelerador lineal Clinac forma parte do plan de actualización tecnolóxica emprendido polo Servizo Galego de Saúde no marco do diálogo competitivo. Durante o tempo que durou o complexo proceso de instalación e posta en funcionamento, adoptáronse medidas especiais para seguir traballando de forma eficiente con tres aceleradores, como o establecemento dunha quenda parcial de noite.

No ano 2018, incrementáronse as técnicas de intensidade modulada de doses (IMRT) respecto dos niveis do ano anterior, pasando de tratar con este sistema 592 no ano 2017 a 664 no ano 2018. Este dato representa una progresiva mellora na calidade asistencial que proporciona este servizo, porque a súa aplicación supón unha notable diminución das complicacións tras o tratamento ao permitir o emprego de maiores doses dirixidas ao tumor con gran precisión e a preservación dos órganos sans que o circundan.

Ademais, a taxa de incremento de IMRT no ano 2018 respecto de 2017 foi do 51 % e a de tratamentos con VMAT foi dun 70 % entre as IMRT. Así mesmo, incrementouse de maneira moi significativa a utilización de hipofraccionamento en cancro de mama e próstata: o 100 % dos cancros de próstata susceptibles foron tratados con hipofraccionamento, así como o 60 % dos cancros de mama, co que se conseguiu pasar dun número de sesión media por paciente de 20,57 fracc./pac. en 2011 a 19,84 fracc./pac. no 2018.

Neste exercicio produciuse unha lixeira diminución na cifra de tratamentos con radiocirurxía, precisamente polo proceso de instalación do sistema de radiocirurxía de Brainlab.

O efecto da actividade sinalada derivou no 2018 nun número de entradas (2619) lixeiramente superior ao número de saídas (2520), a diferenza do ano 2017, con 2343 entradas e 2421 saídas.

Na seguinte táboa recóllese a evolución das actividades de oncoloxía radioterápica:

Tratamentos finalizados	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Teleterapia	1 842	1 788	1 687	1 821	1 931	2 056	2 073	0,83 %
Radiocirurxía esterotáxica	89	85	86	77	65	40	38	-5,00 %
Braquiterapia	186	183	199	183	182	179	184	2,79 %
Tratamentos totais	2 117	2 056	1 972	2 081	2 178	2 275	2 295	0,88 %

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Total pacientes novos	2 461	2 458	2 537	2 488	2 524	2 552	2 864	12,23 %
Teleterapia	2 126	2 114	2 216	2 172	2 215	2 281	2 510	10,04 %
Radiocirurxía esterotáxica	112	116	115	112	101	61	109	78,69 %
Braquiterapia alta taxa	223	228	206	204	208	210	245	16,67 %
Pacientes programados	2 324	2 367	2 432	2 360	2 390	2 395	2 710	13,15 %
Pacientes urxentes	137	91	105	128	134	157	154	-1,91 %

INDICADORES TELETERAPIA	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Δ% 18/17
Sesións totais	38 029	38 131	34 847	41 823	41 490	44 263	42 946	-2,98 %
Pacientes totais	38 029	38 131	34 847	44 181	41 490	44 263	42 946	-2,98 %
Sesións / día	153,3	153,8	138,8	168,641	167,30	178,48	173,17	-2,98 %
Pacientes tratados / día	153,3	153,8	138,8	138,8	167,30	178,48	173,17	-2,98 %
Pacientes finalizados / día	7,2	7,1	6,5	6,5	7,79	8,29	8,36	0,83 %

Para o desenvolvemento desta actividade, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica contou no ano 2017 co seguinte equipamento técnico:

- 4 aceleradores lineais (Clinac, TrueBeam, Synergy e Oncor)
- TAC espiral con sistema de simulación virtual (Brilliance CT Big Bore de Philips)
- Sistema de fusión de imaxes
- Sistema de planificación de teleterapia
- Sistema de imaxe portal mediante TAC (para Synergy)
- Sistema de imaxe portal (para Primus)
- Sistema de imaxe portal (para Oncor)
- Sistema de radiocirurxía estereotáxica
- Equipo de braquiterapia de alta taxa
- Sistema de planificación tridimensional
- Unha rede de comunicación para radioterapia
- Sistema cortador automático de moldes
- Braquiterapia en tempo real
- Sistema micromultiláminas para radiocirurxía

ALOXAMENTO DE PACIENTES

A unidade mantivo durante o ano 2018 o sistema de aloxamento nun hotel concertado por Galaria para pacientes de oncoloxía radioterápica que teñen a súa vivenda lonxe de Vigo. En todo caso, o número de usuarios deste servizo mantívose nun nivel moi baixo, como ocorre dende a posta en marcha da Unidade de Oncoloxía Radioterápica en Ourense.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total estadias en hotel	66	19	16	5	11	24	8
Total pacientes aloxados en hotel	4	3	1	1	1	2	1
Estadía media por paciente	16,5	6	16	5	11	12	8






7

División de Consultoría

A División de Consultoría de Galaria proseguíu durante o ano 2018 os seus traballos de asesoramento na planificación e adquisición de equipamento hospitalario, tanto para o Servizo Galego de Saúde e os seus centros adscritos como para a Consellería de Sanidade.

Foi o organismo técnico responsable da elaboración dos pregos de especificacións e informes técnicos para a adxudicación do equipamento de farmacia e oftalmoloxía con destino aos hospitais de Vigo e Burela, así como da redacción de pregos para a adquisición de equipamento de sinais biomédicas e diverso equipamento electromédico para os mesmos centros. Realizáronse, así mesmo, informes de valoración para as mesas de contratación nas adquisicións de equipamento de refrixeración para o Hospital Álvaro Cunqueiro e dotación de camas para o Hospital da Mariña. Para o Laboratorio Central de Saúde Pública de Galicia, realizouse toda o labor de apoio técnico para a renovación da súa estación de produción de gases, o seu cromatógrafo iónico e para a contratación do servizo de mantemento de equipos de espectrometría de masas. Colaborouse tamén coa Subdirección Xeral de Compras na coordinación do grupo de traballo para a adquisición de equipamento de anestesia e dolor.





Dentro desta anualidade, finalizouse a redacción do documento «Estratexias de humanización da asistencia sanitaria» do Servizo Galego de Saúde, que foi posteriormente sometido a revisión crítica por todos os integrantes do grupo de traballo, así como polo Comité de Dirección do Servizo Galego de Saúde e o Consello Asesor de Pacientes de Galicia.

Na liña de colaboración aberta en anos anteriores coa Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) e dentro dos distintos plans de innovación do Servizo Galego de Saúde, continuouse a colaboración no proxecto europeo EMPATTICS, desta volta xa na avaliación do traballo desenvolvido durante a primeira fase polos seis operadores económicos cara ao deseño da solución proposta.


Dentro da liña de terapias do proxecto Código 100, colaborouse na elaboración dos dous primeiros pregos de Asociación para a Innovación do sector saúde publicados en España e no desenvolvemento do documento regulador de compra pública precomercial do servizo de desenvolvemento de diversos dispositivos baseados en biomarcadores para patoloxías como o cancro, a neuroloxía ou a reumatoloxía.



Nesta anualidade abordáronse proxectos de renovación de equipamento para as propias unidades de Galaria e destacan os correspondentes á posta ao día e ampliación de capacidade do Laboratorio de Producción de Radiofármacos PET, en concreto os informes de avaliación de ofertas para a adquisición dunha nova cela e sistema de dispensación de radiofármacos e dun novo sistema de brancos para o ciclotrón. Elaboráronse pregos técnicos destinados á renovación dunha das gammacámaras da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense e os informes de compra dun ecógrafo destinado a área de braquiterapia da Unidade de Oncoloxía Radioterápica.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, ao longo de 2018 desenvolveuse a actividade de consolidación de transición cara ao novo referente ISO 9001:2015, tanto nas unidades certificadas da propia empresa como na Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, SA, sociedade participada por Galaria, que ten un sistema de calidade do que tamén se realizan labores de mantemento dende a área de calidade de Galaria. Así mesmo, comezouse o apoio á acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Pública Medicina Xenómica.





Servizo de Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica

No ano 2018, o Servizo de Radiofísica levou a cabo a tarefa de aceptación, comisionado e posta en marcha do novo acelerador Clinac iX de Varian. Este equipo veu dotado para o emprego da técnica de tratamento VMAT combinada con localización por imaxe guiada (IGRT). Os primeiros tratamentos comezaron o 18 de abril, con adianto respecto da data prevista de maio de 2018.

Nos meses de maio e xuño instalouse, aceptouse e comisionouse o sistema de radiocirurxía Novalis de Brainlab para o acelerador Varian TrueBeam. Este sistema combina infravermellos e raios X para localizar coa máxima precisión pequenas lesións, o cal permite tratamentos de alta dose sen comprometer os tecidos lindeiros.

Na área de braquiterapia consolidouse, conxuntamente co Servizo de Radioterapia, a técnica de segundo rescate de nódulos de cancro de próstata en pacientes operados e que xa recibiran un primeiro rescate mediante radioterapia externa (IMRT). Esta técnica combina imaxes de resonancia magnética e de ultrasóns para localizar e tratar estas pequenas lesións en pacientes que ata o de agora non dispuñan de ningún tratamento local.

Na área de radioterapia continuouse, ademais, co labor de control de calidade en aceleradores e braquiterapia. Na área de dosimetría clínica seguiu atendéndose a demanda asistencial, cun importante incremento na complexidade dos tratamentos ao dispor de dúas máquinas capaces de realizar intensidade modulada volumétrica (VMAT) e de un sistema de radiocirurxía guiada por imaxe (Brainlab Novalis).

Na Unidade de MN preparouse unha nova técnica de tratamento con lutecio. Así mesmo, preparouse unha nova técnica con MN e radioloxía intervencionista para o tratamento dos hepatocarcinomas con esferas de itrio. Ambas as dúas técnicas foron aprobadas polo CSN e en xullo de 2018 comezaron os primeiros tratamentos con esferas de itrio.

O Servizo de Radiofísica, conxuntamente coa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), continuou realizando as tarefas habituais de protección radiolóxica na Unidade de MN do Hospital do Meixoeiro e nas instalacións de radio-diagnóstico situadas en hospitais, ambulatorios, centros de especialidades e unidades de atención primaria dependentes do Sergas.

Na actualidade, a UTPR ocúpase dos controis de calidade e medicións de doses de todos os centros do Sergas, excepto dos que son controlados polo propio servizo de protección radiolóxica das EOXI de Santiago e Ourense, aínda que tamén en 2018 se realizaron os controis de calidade dunha boa parte dos equipos da EOXI de Ourense. Máis concretamente, a Unidade de Protección Radiolóxica fai controis de calidade e medicións na totalidade dos hospitais e centros de saúde das EOXI de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo. Así mesmo, realizou controis nos hospitais comarcais de Valdeorras e Verín e no centro de saúde de Verín, pertencentes á EOXI de Ourense.



No ano 2018, como tamén sucedeu en anos anteriores, hai que salientar a incorporación de diversos equipos, derivada das compras que realizou o Sergas por medio do chamado socio tecnolóxico, unha renovación que tamén tivo incidencia na actividade da UTPR. O papel desta unidade foi novamente moi importante, tanto no deseño da instalación como no asesoramento, aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

Os radiofísicos adscritos á UTPR impartiron durante o ano 2018 un total de 34 cursos de formación en materia de protección radiolóxica, aos que asistiron 469 profesionais de sanidade. Concretamente, oito deses cursos impartíronse no ámbito da EOXI de Pontevedra e do Salnés; nove, no Hospital Lucus Augusti; sete, no Hospital da Costa, de Burela; un, no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol; oito cursos, no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, e un curso, no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.

Os datos de actividade do exercicio 2018 indican que a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) levou a cabo ao longo dese período un total de 548 controis de calidade e 178 medicións de niveis de radiación.

ACTIVIDADES EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

O 1 de xaneiro de 2018, o Servizo de Radiofísica e a Unidade de Oncoloxía Radioterápica comezaron o proxecto HeNeBra (PI17/01735), financiado polo Instituto de Saúde Carlos III con 75 020 € en tres anos e desenvolveron os protocolos

de inclusión de pacientes, os protocolos de imaxe en colaboración con Philips e incluíron dez pacientes con metástases cerebrais e dous de cabeza e pescozo.

Froito deste proxecto e da colaboración con Philips, enviouse unha comunicación que foi aceptada no Congreso Europeo de Radioterapia (ESTRO). Adicionalmente, comezouse a colaborar, conxuntamente coa Unidade de Oncoloxía Radioterápica, coa organización EORTC (www.eortc.org) e, despois de numerosas xestións (certificación da calidade da calibración dos feixes de radioterapia externa, comprobación da exportación anonimizada dos nosos datos de pacientes, aprobación polo comité de ética), fomos aceptados para incluír pacientes no ensaio clínico fase III EORTC-1414-ROG-GUCG (https://www.eortc.org/research_field/clinical-detail/1414/), o que lles brindará aos pacientes de próstata a oportunidade de beneficiarse do uso de fármacos innovadores e con menos efectos secundarios.

A través do radiofísico Antonio López Medina, que durante o 2018 continuou sendo o representante da Sociedade Española de Física Médica ante a ESTRO, continuouse colaborando co proxecto HERO (<https://www.estro.org/about/health-economics-in-radiation-oncology---hero/hero>), que busca determinar o impacto económico dos tratamentos radioterápicos no ámbito europeo. Froito desta colaboración enviáronse senllas comunicacións ao Congreso Europeo de Radioterapia (aceptada como comunicación oral) e ao congreso español da SEOR (pendente aceptación). Tamén se estableceu unha colaboración co CSIC para avaliar os cambios debidos á radiación nun medicamento experimental que utiliza nanopartículas e prevé as perdas de audición debidas á irradiación da cóclea.

En materia de xestión do servizo, segue a desenvolverse e ampliarse o sistema de xestión de procedementos e documentación integrado a través do «cadro de control».

En Análise de Riscos desenvólvese, en colaboración coa Unidade de Oncoloxía Radioterápica, unha análise máis detallada dos riscos no proceso de radioterapia seguindo a metodoloxía MARR (matrices de análises de riscos en radiote-



rapia) desenvolvida conxuntamente polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o CSN e as sociedades científicas de Física Médica (SEFM), Protección Radiolóxica (SEPR), Oncoloxía Radioterápica (SEOR) e Técnicos de Radioterapia (AETR).

No seguinte cadro recóllense as actuacións de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria por parte da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica nos últimos anos:

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Controis de calidade	664	498	537	896	1.042	1.151	548
Medición de niveis de radiación	187	203	228	236	274	212	178

CENTROS AOS QUE PRESTA SERVIZO A UTPR

Hospitais

EOXI de Ferrol

Hospital Arquitecto Marcide
Hospital Naval
Hospital Profesor Novoa Santos

EOXI da Coruña

Hospital Abente e Lago
Hospital Teresa Herrera
Hospital Marítimo de Oza
Hospital Virxe da Xunqueira
Hospital Universitario A Coruña

EOXI de Lugo

Hospital Lucus Augusti
Hospital Comarcal da Costa
Hospital Comarcal de Monforte

EOXI de Ourense

Hospital de Verín
Hospital Comarcal de Valdeorras

EOXI de Pontevedra

Hospital Montecelo
Hospital Provincial de Pontevedra
Hospital do Salnés

EOXI de Vigo

Hospital Nicolás Peña
Hospital Álvaro Cunqueiro

Centros de saúde con equipos de radiodiagnóstico convencionais e telemandos

CS Fontenla Maristany
CE Ventorrillo
CE Betanzos
CE Carballo
CE Ponteceso
CE de Ribadeo
CE de Mondoñedo
CE de Viveiro
CE de Quiroga
CE de Guitiriz
CE de Sarria
CE de Becerreá
CE de Vilalba
CE de Palas de Rei
CE de Lugo
Ce de Chantada
CE de Verín
Ambulatorio Virxe Peregrina
CE de Sanxenxo
PAC Vigo
CS Val Miñor
CS de Redondela
CS de Cangas

Centros de saúde con equipos dentais, podolóxicos e densitómetros

CS de Caranza
CS das Pontes
CS de Fene
CS de Narón
CS de Ortigueira
CS de Pontedeume
CS A Covada
CE Ventorrillo
CS Casa do Mar
CS Abente e Lago
CS de Arteixo
CS de Betanzos
CS de Carballo
CS de Cee
CS de Culleredo
CS de Sada

CS San José
CS de Viveiro
CS de Guitiriz
CS de Fingoi
CS de Vilalba
CS de Foz
CS de San Roque
CS de Verín
CS da Parda
CS de Bueu
CS de Cambados
CS de Lérez
CS de Marín
CS de Vilalonga
CS de Vilagarcía
CS de Teis
CS de Coia
CS de Moaña
CS de Navia
CS Rosalía de Castro





9

Unidade de Producción de Radiofármacos de Galicia

A tecnoloxía PET (siglas inglesas de tomografía por emisión de positróns) é un sistema avanzado de diagnóstico, que require administrarlle ao paciente un radiofármaco, grazas ao cal se obteñen imaxes do comportamento e metabolismo de tecidos e órganos, chegando a detectar patoloxías cando aínda non se presentan signos físicos observables por outros métodos.

A exploracións médicas mediante equipos PET adquiriron unha enorme relevancia pola súa eficacia diagnóstica nos campos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas.

Os radiofármacos que se empregan nesta técnica son moléculas marcadas con radioisótopos emisores de positróns, que se incorporan ao organismo do paciente para poder observar a súa distribución nos tecidos mediante os equipos PET.

A curta vida dos radiofármacos, de apenas unhas horas, fai indispensable que a unidade onde se fabriquen estas substancias estea situada, como ocorre en Galicia, a unha distancia o máis próxima posible das unidades de diagnose.

Para producir este tipo de radiofármacos é necesario un ciclotrón, un acelerador de partículas no que se producen os isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que se lle van inxectar ao paciente. Unha vez no organismo, o equipo de exploración PET detecta a radiación desas moléculas e configura unha imaxe de como se comportan os tecidos ante a súa presenza.





UN CENTRO DE PRODUCCIÓN DE RADIOFÁRMACOS PET NA SANIDADE GALEGA

A sanidade pública galega dispón da súa propia unidade de radiofármacos PET, xestionada por Galaria, que está situada nun edificio anexo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). Na devandita unidade fábrícanse as moléculas marcadas que se van utilizar nos equipos PET con que contan os hospitais galegos vinculados ao Sergas.

Actualmente este centro produce dous radiofármacos marcados con ^{18}F : a fludesoxiglicosa (FDG), que é o radiofármaco máis utilizado nas exploracións mediante PET, e a fluorocolina (FCOL), de grande efectividade na estadificación inicial do cancro de próstata en pacientes de alto risco e no diagnóstico das recidivas en cancro de próstata.

Dende novembro de 2008, a unidade leva subministrando FDG aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de exploración PET. A solicitude desta molécula foise incrementando cada ano, de tal xeito que a petición total de FDG foi de 4580 doses en 2016, 5450 doses en 2017 e 7698 doses en 2018. Entre tanto, a petición total de FCOL foi de 197 doses en 2016, 303 doses en 2017 e 456 doses en 2018.





Producción nocturna

O ciclotrón produce un radioisótopo que se envía a través dun sistema de transferencia aos módulos de síntese, uns aparellos que permiten sintetizar a molécula de interese, de maneira automática, segura e reproducible. Unha vez finalizada a síntese, e tras un proceso de purificación, dispensación e control de calidade, o radiofármaco transpórtase ao Servizo de Medicina Nuclear para a súa administración.

A produción de radiofármacos realízase pola noite, co fin de que ás primeiras horas da mañá estean dispoñibles para a súa utilización nos equipos PET. Este centro xera ao redor de 4300 doses anuais de radiofármacos para seren utilizadas polos complexos hospitalarios de Vigo e Santiago e polos pacientes Sergas do Centro Oncolóxico de Galicia (COG).

Novos radiofármacos

A Unidade de Radiofármacos PET de Galicia está dimensionada para ampliar a súa posibilidade de produción a unha gran variedade de radiofármacos con moi diferentes utilidades clínicas.

A curto e medio prazo, e tras as autorizacións preceptivas, a unidade espera iniciar a produción de novos radiofármacos que permitirán diagnósticos aínda máis precisos de diversas patoloxías.

O número de radiofármacos PET que pode fabricar este centro é moi elevado, xa que existen na actualidade máis de 800 axentes que poden ser utilizados en PET, o que dá unha idea da potencialidade desta tecnoloxía.

Este centro representa a garantía da subministración actual e futura de radiofármacos a todos os tomógrafos PET do Servizo Galego de Saúde.

En 2016, a unidade obtivo o certificado ISO 9001:2008, que renovou en 2017 e en 2018. Tamén en 2017 a unidade renovou a súa autorización como Unidade de Radiofarmacia emitida pola Consellería de Sanidade, tendo en conta as normas de correcta fabricación para a súa avaliación.




Central de Radiofarmacia

Adicionalmente, Galaria participa e exerce a dirección técnica de GE Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL, unidade de radiofarmacia centralizada na que se xestionan e preparan os radiofármacos convencionais que se administran nas unidades asistenciais de medicina nuclear de Galicia. Este laboratorio está situado no polígono industrial de Ordes.

Cadro coa produción de radiofármacos en 2018 e anos anteriores:

Doses producidas	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Para o equipo PET-CT do CHUVI	2 220	2 262	2 549	2 981	3 394	3743
Para o equipo PET do CHUS	1 688	1 645	1 712	1 654	1 958	3020
Doses para o equipo PET-CT do Centro Oncolóxico					296	2472
Doses totais	3 908	3 907	4 261	4 635	5 648	9235

Evolución da produción de radiofármacos. Número de doses





10

Servizo de atención telefónica á cidadanía Saúde en Liña

Galaria continuou en 2018 coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia. Dende o ano 2012, este servizo abrangue toda a comunidade autónoma, con cobertura dende ás 7:00 ata as 00:00 horas do día, todos os días do ano, ademais de contar en todo o territorio galego cun sistema automático de recoñecemento de voz (IVR) que, de xeito complementario cos operadores asignados a este servizo, garante unha resposta inmediata e resolutive a todas as chamadas que se producen. En 2018 déronse a través desta plataforma 654 605 citas, das cales 568 330 corresponderon a atención primaria.

Tamén dende o ano 2012 existe a posibilidade de reprogramar ou anular citas en atención especializada. Marcando o número de Saúde en Liña, o sistema ofrece a opción de anular ou cambiar una consulta hospitalaria dun xeito rápido, evitándolle ao usuario as dificultades de contacto co centro que puidesen disuadilo de avisar da súa ausencia ou de solicitar cita para outra data máis axeitada.

A plataforma recolle a petición que fai o paciente e remítellela aos servizos de admisión dos hospitais que a partir dese momento se encargan da anulación ou da xestión dunha nova cita e de poñerse en contacto co usuario para confirmarlle a nova data. Por medio deste sistema, durante o ano 2018 xestionáronse 86 275 anulacións ou reprogramacións de cita.

Esta vía non só mellora a comunicación do paciente co seu hospital de referencia, mediante unha canle de máxima dispoñibilidade, senón que permite unha asignación máis eficiente dos recursos grazas a unha ocupación máis optimizada das axendas de citación.

O sistema IVR facilita a solicitude de cita previa dun modo sinxelo e intuitivo, pero, no caso de producirse algún problema durante a conversa, a chamada desvíase automaticamente para que sexa atendida ben por persoal dos centros de saúde ou ben por operadores da central de chamadas externa.

En conxunto, as vantaxes que proporciona un sistema IVR moi versátil e avanzado, unidas ao feito de contar co persoal administrativo e de servizos xerais dos centros de saúde no proceso de cita, constitúen a base para poderlle ofrecer á cidadanía un sistema de citación universal, de calidade, sen esperas e á disposición dos usuarios a calquera hora do día ou da noite, todos os días do ano.

Na gráfica que se inclúe a continuación apréciase a evolución das citas derivada dos diferentes cambios introducidos no sistema de citación e do progresivo aumento no uso doutras alternativas de acceso ao sistema, como a solicitude a través de Internet.


Ano	Anulación / Reprogramación	Variación porcentual
2015	55 920	17,64 %
2016	63 643	13,81 %
2017	72 432	13,81 %
2018	86 275	16,44 %



Recursos humanos


No ano 2018, o cadro medio de persoal de Galaria situouse en 192 traballadores, oito máis ca os 184 profesionais que desenvolvían a súa actividade na empresa o 31 de decembro de 2017.

Evolución do cadro de persoal de Galaria:




En canto aos tipos de vínculo, no ano 2018 máis do 71 % do persoal traballador de Galaria tivo unha vinculación estable, incluído neste capítulo o persoal fixo ou indefinido e interino en praza vacante, mentres que o outro 29 % traballou con nomeamentos ou contratos temporais (eventuais ou de substitución).

Distribución do cadro de persoal de Galaria polo tipo de nomeamento ou contrato en 2018:




A distribución por categorías profesionais amósase na seguinte gráfica, na que se pode observar que o colectivo máis numeroso é o persoal técnico superior sanitario, que representa un 30 % do total de traballadores, seguido do persoal facultativo, que supón un 19 %, e do persoal de enfermería, dos técnicos de FP básicos non sanitarios (auxiliares administrativos e PSX) que constitúen o 14 % dos profesionais da empresa, e dos titulados de grao medio sanitario (enfermeiros/as), que tamén conforman outro 14 % do persoal de Galaria.

Estrutura do cadro medio de persoal de Galaria por categorías profesionais, no exercicio de 2018:




Do conxunto de traballadores de Galaria, 39 forman parte do persoal facultativo, 91 son persoal sanitario non facultativo e 62 constitúen o colectivo de persoal non sanitario.

Distribución porcentual de persoal sanitario e non sanitario en 2018:




Distribución do persoal facultativo, sanitario non facultativo e non sanitario de Galaria en 2018:



A distribución do cadro de persoal polos distintos centros de actividade mantivo en 2018 unha estrutura semellante á de anos anteriores. A estrutura amósase no seguinte cadro.

Distribución do persoal por centros de traballo no ano 2018:



*O apartado de estrutura central tamén inclúe todo o persoal administrativo que desenvolve a súa actividade nas unidades asistenciais.

En 2018, dos 192 efectivos que integraban o cadro medio de persoal de Galaria, as unidades que concentraban unha maior cifra de traballadores eran as de Oncoloxía Radioterápica e Diagnóstico por Imaxe, que contaban co 30 % e o 27 % do persoal, respectivamente; nesta última, nos seus centros dos hospitais Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro e nas dúas unidades móbiles.



Polo que se refire á localidade onde se atopa o centro de traballo, no ano 2018 traballaban en Vigo 144 persoas, 27 en Santiago, 8 en Ourense e 13 desenvolvían a súa actividade de xeito itinerante. Destas últimas, 8 profesionais estaban adscritos ás tres unidades móbiles que prestan servizo de resonancia magnética aos sete hospitais comarcais de Galicia e os outros 5 formaban parte da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), que despraza os seus efectivos a centros sanitarios situados en diferentes puntos da comunidade autónoma para realizar tarefas de control de calidade e formación.

A proporción por sexos mantívose en niveis semellantes aos de anos anteriores, cun 68 % de mulleres e un 32 % de homes. A idade media de Galaria situouse en 2018 en 45 anos, dous anos máis ca no exercicio anterior.

Os titulados superiores non sanitarios constitúen o colectivo máis veterano, cunha idade media de 53 anos, mentres que o grupo profesional máis novo é o dos titulados de grao medio sanitario, que rexistra unha idade media de 40 anos.

FORMACIÓN


Polo que se refire á formación, durante o ano 2018 Galaria impulsou un total de 114 accións formativas, 17 máis ca no ano anterior, que contaron coa participación de 509 profesionais asistentes e que supuxeron un total de 1332 horas de formación recibida.

Do conxunto de profesionais que participaron en accións formativas, 166 forman parte do persoal facultativo, 162 pertencen ao persoal sanitario non facultativo e 181 son persoal non sanitario.





A participación de profesionais de Galaria en actividades formativas en función da unidade á que pertencen recóllese na seguintes gráfica:



Por tipo de actividade, no ano 2018 un total de 259 traballadores participou en obradoiros, seminarios e xornadas; 108 asistiron a cursos; 52 interviñeron en sesións internas do seu servizo; 22 asistiron a congresos, 14 acudiron a estadias; 9 a reunións científicas e 11 profesionais participaron noutras actividades formativas.

ESTADO DO ABSENTISMO

No exercicio 2018, a media anual de absentismo rexistrado en Galaria foi do 5,85 %, unha cifra que supón un descenso deste indicador respecto do rexistrado no ano anterior, que foi dun 6,13 %. A cifra de absentismo rexistrada no ano 2018 equivale a 11 persoas de baixa durante todo o ano, dun cadro de persoal formado por 192 traballadores.

Non obstante, a empresa seguiu desenvolvendo en 2018 accións encamiñadas a diminuír o índice de absentismo, facendo un especial fincapé na formación en saúde laboral, un apartado no que se impartiron 870 horas formativas que acadaron un total de 144 asistencia.


Dentro dese plan de formación, en 2018 destaca a realización dunhas xornadas sobre benestar laboral, dedicadas, por unha banda, á hixiene do sono, por outra, ao estrés e benestar psicoemocional, e por outra, ao pensamento positivo, linguaxe e comunicación, que contaron cunha ampla participación de traballadores. Ademais, impartíronse accións formativas teórico-prácticas sobre protocolos seguros en atención a pacientes infectocontaxiosos, protección radiolóxica e efectos radiolóxicos da radiación, riscos e medidas preventivas no uso da voz, actuación ante situacións complexas de incapacidade temporal, e uso correcto de mandís con chumbo para mobilización de pacientes, entre outras temáticas.

Así mesmo, no ano 2018, cumprindo co compromiso fixado en anos anteriores, mantívose a colaboración coa Inspección Médica e a mutua no control das baixas, así como no sistema de información mensual sobre a evolución do absen-



tismo. Entre outras medidas, a empresa séguelles garantindo aos traballadores e traballadoras que se reincorporan despois dunha baixa de longa duración un recoñecemento médico á alta que permita eliminar o risco de recaídas e facilita a adaptación de postos.

Na seguinte gráfica reflíctese a evolución do absentismo laboral ao longo dos últimos anos:






12

Xestión de calidade e sistemas de control

No ano 2018, Galaria renovou a súa certificación de calidade conforme a norma ISO, tras superar satisfactoriamente a auditoría realizada pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR), cumprindo así 17 anos ininterrompidos en posesión do devandito certificado, o que representa un recoñecemento continuado á axeitada xestión e bo funcionamento dos seus servizos clínicos e profesionais.

No exercicio de 2017 cambiouse o certificado ISO 9001:2008 que Galaria obtivo durante os quince anos anteriores pola nova certificación conforme a norma ISO 9001:2015, un proceso no que participaron activamente todos os departamentos de Galaria ao longo do ano. Para a implantación dos novos requirimentos, creáronse grupos de traballo e leváronse a cabo numerosas reunións e accións formativas, nas que participaron a práctica totalidade dos profesionais da organización.





Un dos aspectos máis significativos desta nova norma de calidade é a introdución do pensamento baseado nos riscos, unha formulación que supón impulsar a identificación dos posibles riscos en todos os procesos da empresa e a adopción de medidas que os preveñan, eviten ou reduzan.

Neste apartado inclúese tamén, como outro efecto da incerteza, a aparición de oportunidades, que a empresa pode e debe aproveitar para mellorar as súas actividades.

Outro cambio relevante da nova norma respecto da anterior é o de considerar como un factor estratéxico o contexto no que se sitúa a empresa. Esta nova visión analiza a organización no seu ámbito xeográfico, administrativo, tecnolóxico, social ou legal e ten en conta tamén as chamadas «partes interesadas», que poden influír dende o exterior no funcionamento da empresa.

Así, agora considérase a Galaria, para os efectos da xestión da calidade, como unha entidade dependente da Administración sanitaria e, polo tanto, sometida a decisións administrativas, tecnolóxicas, económicas, clínicas e organizativas que transcenden da propia organización.

Ademais, téñense en consideración outros elementos interesados, como as entidades de pacientes, organizacións sindicais e sociais, provedores, distribuidores etc. Outro alicerce fundamental da nova norma é a xestión do cambio, respondendo á necesidade das organizacións de adaptar as súas operativas a unha realidade cambiante e esixente.

Galaria segue agora unha sistemática estruturada na planificación dos cambios que deba abordar, así como no control dos seus posibles efectos, co fin de garantir que os imprevistos non afecten a consecución de todas as actividades previstas dentro do noso sistema de calidade. Por outra banda, a norma ISO 9001:2015 fai tamén un especial fincapé no concepto de liderado da dirección, atribuíndolle máis importancia e protagonismo á hora de definir, impulsar, aplicar e comunicar a política de calidade da empresa.

A comunicación tamén cobra unha especial relevancia neste novo escenario, no que é necesario definir con claridade que se debe comunicar nos diferentes niveis da organización, quen ten que comunicar, cando, con que periodicidade e por que medios deberá circular a comunicación. Igualmente estase impulsando un maior coñecemento da organización e das súas actividades por parte dos profesionais nos seus respectivos niveis, de maneira que a marcha dunha persoa da empresa nunca repercuta na dinámica da actividade dun servizo ou departamento.



NÓSTICO POR IMAXE

Iconos que corresponda cunha cruz ou un círculo


Moi ben Ben Normal Mal Moi mal

<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

A súa opinión axúdanos a me



MOITAS GRAZAS



13

Enquisas de satisfacción a usuarios e clientes



Co obxectivo de coñecer o grao de satisfacción cos diferentes servizos que presta Galaria, tanto no ámbito asistencial como no de consultoría, radiofísica e protección radiolóxica, esta organización realiza de maneira periódica enquisas a diferentes grupos de usuarios e clientes. O fin último destas consultas, que se enmarcan dentro do sistema de xestión da calidade de Galaria, é o de recoller opinións e propostas que permitan adoptar medidas de mellora.

ENQUISA AOS PACIENTES ATENDIDOS EN GALARIA

En 2017 expuxéronse nas diferentes unidades asistenciais de Galaria os resultados da última enquisa aos pacientes, de carácter bienal, que se levou a cabo na empresa.

Este traballo foille adjudicado a unha entidade externa, independente, especializada en estudos de satisfacción no ámbito sanitario, concretamente, á empresa denominada FBA Consulting, Consultoría de Xestión Sanitaria, con sede en Santiago.

Actualmente Galaria está tratando de establecer os mecanismos necesarios para que se poida realizar unha nova enquisa desas características cumprindo coas disposicións que contén a nova Lei orgánica de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Entre tanto, púxose en marcha a finais de 2018 outra enquisa, anónima, cun cuestionario moi sinxelo, que se pode cubrir nas salas de espera das diferentes unidades asistenciais e depositar despois nunha caixa de correo, coa que se pretende coñecer dun xeito rápido a opinión dos usuarios sobre os principais aspectos do funcionamento deses servizos. Concretamente, pregúntaselles sobre accesibilidade, sinalización, trato, tempo de espera, apoio por parte do persoal, comodidade, estado das instalacións e información recibida sobre o procedemento que lle realizaron.

Esta consulta a pé de campo estase a realizar ao longo de 2019 e as primeiras enquisas recollidas manteñen o alto nivel de satisfacción que se acadou na enquisa máis ampla e completa, encargada a unha entidade externa.

Mentres se remata ese estudo, recollemos de novo os resultados a enquisa presentada en 2017.

Na enquisa participaron 735 pacientes que foron atendidos nas unidades clínicas de Galaria e utilizouse como universo a cifra total de pacientes atendidos no conxunto das unidades clínicas de Galaria ao longo do exercicio.

Especialidade	Pacientes 2016	Enquisas realizadas	Erro
Diagnóstico por Imaxe (Resonancias fixas O Meixoeiro e Cunqueiro)	22 706	130	± 4,1 %
Medicina Nuclear Ourense	3 291	120	± 3,7 %
Medicina Nuclear Vigo	3 630	120	± 4,0 %
Oncoloxía Radioterápica	2 081	120	± 3,3 %
Unidade PET-CT (Vigo)	2 550	115	± 3,6 %
Unidades Móviles de RM	12 783	130	± 2,8 %
TOTAL	47 041	735	± 3,6 %

Na consulta utilizouse un cuestionario de 32 preguntas para os pacientes de Oncoloxía Radioterápica, que incluía preguntas específicas sobre a atención que recibiron por parte dos médicos, e de 27 preguntas para o resto dos servizos, nos que, ao tratarse de actividades de carácter diagnóstico, o contacto cos médicos practicamente non se produce. A enquisa realizouse por teléfono con sistema informático de apoio.

Aspectos sobre os que se lles preguntou aos pacientes:

Tempos de espera	Dedicación
Accesibilidade	Seguridade
Acollida	Intimidade
Instalacións	Confianza
Información ao paciente	Respecto
Información aos familiares	Tranquilidade
Trato humano	Dispoñibilidade
Amabilidade co paciente	Coordinación
Amabilidade cos familiares	Posibilidade de opinar




Escala de valores:

Valor na enquisa	Enunciado na enquisa	Valor na análise
1	Moi mal	0
2	Mal	25
3	Normal	50
4	Ben	75
5	Moi Ben	100


RESULTADOS GLOBAIS

O traballo de campo deste estudo de opinión realizouse a finais de 2016, nun contexto de diminución xeneralizada da satisfacción dos usuarios no conxunto do sistema nacional de saúde, descenso que se aprecia nos resultados desta enquisa respecto da que se levou a cabo no ano 2014. Os servizos asistenciais de Galaria acadan unha valoración global de case 76 puntos e reciben a opinión satisfactoria ou moi satisfactoria de máis do 66,3 % das persoas que pasaron polas súas instalacións, mentres que un 32 % se mantén nunha posición neutra. A porcentaxe de persoas insatisfeitas ou moi insatisfeitas e practicamente residual, con valores do 1 %.

Os pacientes máis satisfeitos xunto cos satisfeitos representan máis dun 66,3 % de usuarios con percepción positiva do seu paso polas unidades de Galaria.



A distribución da valoración global por servizos recóllese na seguinte gráfica:



A amabilidade, un dos aspectos mellor valorados

Como xa sucedera en enquisas anteriores, unha vez máis a amabilidade dos profesionais de Galaria volve ser un dos aspectos mellor valorados por parte dos pacientes. Obteñen cualificacións arredor dos 90 puntos sobre un máximo de 100.

Concretamente, a análise comparativa entre os resultados da enquisa aos pacientes de Galaria coa media dos valores acadados en estudos similares realizados en **41** hospitais por parte da entidade que levou a cabo a enquisa mostra que a satisfacción dos usuarios de Galaria é significativamente superior nos aspectos relacionados coa amabilidade do persoal de enfermería e o persoal non sanitario.


Como pode apreciarse no seguinte gráfico, a amabilidade do persoal de enfermería recibe unha media de **88,2** puntos no conxunto de Galaria e chega aos **92** puntos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, a **91,7** puntos na de Oncoloxía Radioterápica, a **91,1** puntos na Unidade PET-CT, a 86,5 puntos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense e a **83,3** puntos na de Diagnóstico por Imaxe.

A amabilidade do persoal non sanitario (recepción, celadores, administrativos) sitúase en **85,9** puntos de media no conxunto de Galaria, Acadan **92** puntos na Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, **88,1** puntos na Unidade de Oncoloxía Radioterápica, **87** puntos na Unidade PET-CT, **84,9** puntos en Medicina Nuclear de Vigo, **81,9** puntos nas unidades móbiles de RM e **81,3** puntos sobre un máximo de 100 na Unidade de Diagnóstico por Imaxe.


O trato proporcionado polo médico recibe **85,6**: a claridade do médico para explicarlle a súa patoloxía recibe **80,2** puntos e a capacidade do persoal para tranquilizar o paciente obtén unha valoración de **81,5** puntos. A amabilidade do persoal cara aos familiares recibe unha valoración de **80,6** puntos.



Representación gráfica, por servicios, da satisfacción dos pacientes de Galaria coa **amabilidade do persoal de enfermería**, nunha escala do 0 ao 100:




Representación gráfica, por servizos, da satisfacción dos pacientes de Galaria coa **amabilidade do persoal non sanitario**, nunha escala do 0 ao 100:



Os principais puntos fortes de Galaria na enquisa aos pacientes

Os resultados da enquisa poñen en evidencia un alto grao de satisfacción dos pacientes con todos os aspectos que gardan relación coa actitude do persoal das unidades asistenciais. A amabilidade, o bo trato, a claridade na información, a capacidade para tranquilizar, a dispoñibilidade e o tempo de dedicación, xunto co respecto pola intimidade, figuran nesta enquisa como os aspectos mellor valorados polos usuarios.


Na seguinte gráfica represéntanse os aspectos mellor valorados globalmente polos pacientes.



Os apartados peor valorados dentro desta enquisa gardan relación fundamentalmente cos tempos de espera, coa sinalización para chegar á unidade e coa oportunidade para participar na toma de decisións, aspecto este último de escasa relevancia nalgunhas das unidades diagnósticas. En todo caso, estes apartados menos satisfactorios sitúanse case todos eles en arredor dos 60 puntos sobre un máximo de 100.




Na seguinte gráfica representáanse os aspectos que recibiron unha menor puntuación por parte dos pacientes consultados.



OS ASPECTOS MELLOR VALORADOS POR UNIDADES


En consonancia cos resultados globais de Galaria, en cada unha das unidades asistenciais mantéñense valores similares aos obtidos de xeito xeral, aínda que se aprecian algunhas particularidades en cada unha delas. Non obstante, en todos os servizos os pacientes destacaron de maneira unánime, con puntuacións moi elevadas, o seu alto grao de satisfacción coa amabilidade e bo trato recibido por parte dos profesionais.

Diagnóstico por imaxe. Como se pode apreciar na seguinte gráfica, xunto coa amabilidade do persoal de enfermería e do persoal non asistencial, na Unidade de Diagnóstico por Imaxe (resonancias fixas), os pacientes destacan a **capacidade do persoal para tranquilizalos e a amabilidade dos acompañantes**.








Medicina Nuclear de Ourense. Na unidade de Ourense, xunto coa amabilidade das enfermeiras e persoal non sanitario, destacan como feitos máis satisfactorios para os usuarios a **amabilidade cos acompañantes**, a capacidade do persoal para **tranquilizalos** e a **información aos acompañantes**.




Medicina Nuclear de Vigo. En Medicina Nuclear de Vigo, despois da amabilidade das enfermeiras e persoal non sanitario, destacan tamén a amabilidade e información aos acompañantes e, como feito diferencial, aparece especialmente ben valorado o **respeito pola intimidade do paciente**.



Oncoloxía Radioterápica. Nesta unidade, na que se fixeron preguntas específicas sobre o papel dos facultativos, precisamente aparecen na relación de aspectos mellor valorados catro apartados nos que se valora a boa actitude dos médicos. Concretamente, figura moi ben puntuada a **amabilidade do médico**, a **claridade do médico** ao explicarlle a súa enfermidade, o **tempo dedicado polo seu médico** e a **información** sobre as **características e riscos** dos procedementos.





Unidade PET-CT. Na Unidade PET tamén destaca como feito diferencial respecto dos resultados globais de Galaria, xunto coa amabilidade, respecto, información e demais cuestións relacionadas co trato, a convicción de que recibiron a **mellor atención sanitaria** posible e a valoración positiva do **equipamento e aparataxe da unidade**.



A grande importancia de poder realizar unha resonancia preto do domicilio.

Unidades móbiles de RM. Os pacientes que foron atendidos nas unidades móbiles de resonancia magnética xestionadas por Galaria aproveitaron a oportunidade que lles deu esta enquisa para poñer en evidencia a súa **satisfacción co feito de poder realizar unha resonancia na súa zona xeográfica de residencia.** Concretamente, outorgáronlle a segunda máxima puntuación, tras a da amabilidade, o que sen dúbida representa un claro apoio dos usuarios á fórmula utilizada polo Sergas para achegar a máis avanzada tecnoloxía ás áreas de Galicia máis afastadas das principais cidades, por medio dun sistema áxil e sustentable e coas mesmas prestacións tecnolóxicas das que dispoñen os pacientes residentes preto dos grandes complexos hospitalarios.






Que facer para mellorar

Os autores da enquisa, seguindo a metodoloxía de edicións anteriores, establecen o que denominan **índice de prioridade**, no que se ordenan os diferentes apartados da enquisa en función da combinación entre a insatisfacción e a importancia que o paciente lle dá a cada unha desas cuestións. Para acadar unha mellora considerable no nivel de satisfacción dos pacientes, aconséllase actuar nos primeiros apartados dese índice.

Representación gráfica dos primeiros ítems do índice de prioridade global de Galaria.





Galarria

Empresa Pública de



XUNTA
DE GALICIA



14

Sistemas de control por terceiras partes

CONTROIS POR PARTE DE ORGANISMOS PÚBLICOS

Polo seu carácter de empresa pública, Galaria sométese a controis e auditorías por parte de organismos oficiais, diante dos que lle corresponde observar o estrito cumprimento de todos os requisitos legais no desenvolvemento do seu labor. Este sistema de control externo tamén representa un factor de garantía de calidade das súas actividades.

Os organismos públicos que sistematicamente controlan diversos aspectos da actividade de Galaria son os seguintes:

- **Consello de Contas:** a función fiscalizadora deste organismo comprende, entre outros aspectos, a actividade económico-financeira e contable da empresa e a xestión dos recursos humanos.
- **Intervención Xeral:** a empresa sométese a auditorías anuais da Intervención Xeral e comunícalle trimestralmente a situación das súas contas, os contratos de obras e subministracións, contratos de persoal e contratos de activos e pasivos financeiros, entre outros apartados da súa xestión económica.
- **Presidencia:** dende o ano 2012 a empresa é tamén obxecto de auditoría e seguimento periódico por parte da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

AUDITORES EXTERNOS

Ademais dos controis realizados por organismos públicos, ao tratarse dunha sociedade anónima, anualmente as contas da sociedade son auditadas por unha firma de auditores externos que emite un informe no que dá fe da imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da empresa, así como dos resultados das súas operacións e dos seus fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual terminado o 31 de decembro.

Os informes dos diferentes controis realizados tanto por organismos públicos como por auditores externos amosaron uns resultados satisfactorios e, cando fixeron algunha recomendación, foi por algunha cuestión menor de escasa relevancia.



LIÑA DE INVESTIGACIÓN SOBRE USO DE IMAXES FUNCIONAIS EN RADIOTERAPIA

En 2018, a actividade científica máis salientable levada a cabo na empresa volveu ser o desenvolvemento da liña de investigación sobre o uso de imaxes funcionais para coñecer a resposta dos tumores á radioterapia e a avaliación da resposta inmune aos tratamentos.

Este proxecto, que inicialmente se denominou Artfibio, ten asignada unha bolsa de axuda á investigación por parte do Instituto de Saúde Carlos III, que se estenderá ata o ano 2021. No proxecto, que agora se denomina HeNeBra, participan dende hai seis anos os servizos de Radiofísica, Oncoloxía Radioterápica, Medicina Nuclear e Diagnóstico por Imaxe de Galaria, xunto con investigadores doutras institucións de Galicia.

O obxectivo último deste traballo é a progresiva utilización de imaxes funcionais de PET e de resonancia magnética con perfusión e difusión, antes, durante e despois do tratamento, para observar a evolución anatómica e biolóxica do tumor, os seus cambios metabólicos, bioquímicos e fisiolóxicos e, con base nisto, realizar un tratamento o máis personalizado, preciso e efectivo posible en cada paciente. Actualmente, este estudo está centrado nos pacientes que presentan tumores de cabeza e colo e metástases cerebrais.





Como xa se expuxo noutro apartado desta memoria, froito deste proxecto e da colaboración con Philips, enviouse unha comunicación que foi aceptada no Congreso Europeo de Radioterapia (ESTRO). Adicionalmente, comezouse a colaborar, conxuntamente coa Unidade de Oncoloxía Radioterápica, coa organización EORTC (www.eortc.org) e, despois de numerosas xestións (certificación da calidade da calibración dos feixes de radioterapia externa, comprobación da exportación anonimizada dos nosos datos de pacientes, aprobación polo comité de ética), fomos aceptados para incluír pacientes no ensaio clínico fase III EORTC-1414- ROG- GUCG (https://www.eortc.org/research_field/clinical-detail/1414/), o que lles brindará aos pacientes de próstata a oportunidade de beneficiarse do uso de fármacos innovadores e con menores efectos secundarios.

Así mesmo, como tamén se avanzou no capítulo dedicado ao Servizo de Radiofísica, a través do radiofísico Antonio López Medina, que durante o 2018 continuou sendo o representante da Sociedade Española de Física Médica ante a ESTRO, seguiu colaborando co proxecto HERO (<https://www.estro.org/about/health-economics-in-radiation-oncology---hero/hero>), que busca determinar o impacto económico dos tratamentos radioterápicos no ámbito europeo. Froito desta colaboración enviáronse senllas comunicacións ao Congreso Europeo de Radioterapia (aceptada como comunicación oral) e ao congreso español da SEOR (pendente aceptación). Tamén se estableceu unha colaboración co CSIC para avaliar os cambios debidos á radiación nun medicamento experimental que utiliza nanopartículas e prevé as perdas de audición debidas á irradiación da cóclea.

XORNADA DE AUTOAVALIACIÓN DE ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

Dende a súa posta en funcionamento en maio de 1997, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica que xestiona Galaria no Hospital do Meixoeiro tratou a máis de 42 000 pacientes, a maior parte dos cales recibiron terapia en aceleradores lineais da máis avanzada tecnoloxía.

Para analizar a actividade desenvolta por este servizo e poñer sobre a mesa as súas expectativas, na unidade realizouse o 27 de outubro de 2018 unha xornada de autoavaliación e actualización que, xunto coa participación dos seus propios profesionais, contou coa intervención de relatores de sona internacional, entre os que destacou a presenza de Álvaro Martínez, xefe do Servizo de Oncoloxía Radioterápica do 21st Century Oncology Center de Michigan, creador da radioterapia guiada por imaxe e iniciador da investigación en humanos dun estudo pioneiro sobre o tratamento do alzhéimer con radiacións.


O obxectivo fundamental dese encontro foi facer un repaso dos diferentes aspectos que constituíron o desenvolvemento desta unidade, dende unha óptica asistencial, técnica, profesional e científica e, ao mesmo tempo, mostrar cara a onde quere camiñar este servizo. Con tal motivo, convocáronse relatores expertos en liñas tan innovadoras no campo da oncoloxía radioterápica como a terapia de protóns e os novos aceleradores provistos de resonancia magnética ou a aplicación da medicina xenómica no tratamento do cancro.





Neste último apartado, o da oncoxenómica, contouse coa presenza dos investigadores galegos Manuela Gago e Esteban Castelao, actualmente inmersos nun proxecto científico mundial de grande envergadura denominado Bridges, co obxectivo de lograr información xenética precisa de 50 000 mulleres para definir un algoritmo que permita medir a probabilidade que ten cada unha de padecer cancro de mama. Previamente, estes dous especialistas interviñeron no noso traballo, a través do Consorcio Galego do Cancro de Mama (Breogán), no que se manexaron mostras de 275 000 mulleres afectadas por esa enfermidade, dúas mil das cales foron achegadas pola Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro.

Sobre a terapia de protóns, que é outra das liñas de futuro da radioterapia, falou, por unha banda, Marisa Ogando, directora xeral de Bioterra, empresa que representa en exclusiva para España a Compañía ÍA, fabricante de equipos de terapia de protóns e a firma Rayserch, produtora de sistemas de planificación.



Nese mesmo apartado interveu José Ramón Sánchez, executivo en España de Mevion Medical Systems, fabricante de equipos de terapia de protóns, algúns dos cales poden ser adaptables a unha unidade de radioterapia convencional, e Jaime Gutiérrez de Calderón, director xeral de Varian Medical System Ibérica, empresa que tamén fabrica ese tipo de equipamento. O programa da xornada de autoavaliación incluíu outros apartados sobre investigación, radiofísica, radiocirurxía ou o uso da radioterapia na neuralxia de trixémimo, así como mesas específicas para médicos, radiofísicos, psicólogos, técnicos e administrativos.

Dende o mes de maio de 1997, en que entrou en funcionamento, ata maio de 2017, esta unidade tratou con radioterapia máis de 35 000 persoas e actualmente realiza a súa actividade asistencial con catro aceleradores lineais, un dos cales está considerado como o equipo de tratamento máis avanzado do mundo.

